

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

31 de outubro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8512.- ACTAS ANTERIORES

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DYscV1nMZSFZGQAvAkTVuePSyUpHLuTa3BO0MLtpxHxpA8SC>

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións extraordinarias, en substitución de ordinarias de agosto e setembro, do 12 e 30 de setembro.

a) Parte resolutiva:

2.8513.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025069386 – 2021053554)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Vc65bSpZBQcXViENMTNIT01njNt8XR1CRJlqIXQB3ia1wPl>

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de setembro de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para regular as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	9,130 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L.	7,970 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	8,100 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión extraordinaria celebrada o día 15 de setembro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, entrando o día 4 de novembro de 2023 en vigor para o contrato do lote 1 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2023.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2024 acordou aprobar a segunda prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, entrando o día 4 de novembro de 2024 en vigor para o contrato do lote 1 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2024.

Resultando.- Que en escrito que consta no expediente con (CSV: Q2Z0PNGD4V6WWSN), do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas, coa conformidade da Deputada delegada desa área, recóllese que dada a proximidade da fin da vixencia dos diversos contratos do Acordo marco de referencia, faise necesario prorrogar o devandito acordo marco, polo período dun (1) ano.

Resultando que o importe estimado anual da prórroga (IVE incluído) para cada un dos lotes do acordo marco é o seguinte:

Lote 1	Lote 2	Lote 3
--------	--------	--------



665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €
--------------	--------------	--------------

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC certificando a existencia de crédito para facer fronte os gastos desta prórroga:

Lote	Total con IVE	Aplicación orzamentaria	RC	Proxecto de gasto
1. Zona Norte	665.125,49 €	25/456.4530.612.01	12025000166934	2021053554/1
2. Zona Centro	738.228,55 €	25/456.4530.612.01 (216.759,44 €)	12025000167730	2021053554/2
		Vinculación xurídica (521.469,11 €)		
3. Zona Sur	595.975,48 €	Vinculación xurídica	12025000167727	2021053554/3

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do Servizo de Contratación, Secretaría e Intervención (CSV: NAL82SI2GR428MCU), emitido polo xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral e o Interventor da Deputación de Pontevedra, no que se informa favorablemente a proposta de prórroga do Acordo marco.

Considerando.- Que a cláusula 6 do Prego de cláusulas económico administrativas que rexeu nesta contratación establece que, a duración do Acordo marco será dun ano a contar dende a data da súa formalización, establecendo que o Acordo marco poderase prorrogar ata tres veces por períodos de un ano.

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece en relación á duración dos acordos marco, que “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”.



Considerando.- Que o artigo 29.2 da LCSP establece que “A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.

Considerando.- Que de conformidade co establecido no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do orzamento provincial, correspondeulle ó Pleno da Corporación actuar como o órgano de contratación deste Acordo marco.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a terceira prórroga do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	665.125,49 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 9,13 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

LOTE 2 – ZONA CENTRO	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L. (U72478480)	738.228,55 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 7,97 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	



LOTE 3 – ZONA SUR	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861)	595.975,48 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 8,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

A entrada en vigor desta terceira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o contrato do lote 1 será o día 4 de novembro de 2025 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2025.

2. Autorizar un gasto por un importe global de 1.999.329,52 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 e a súa vinculación xurídica, e de acordo co seguinte detalle:

Lote 1	Lote 2	Lote 3
665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €

3.8514.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2025 (EXPTES. 2025069388 - 2025068745)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2yv2r5tnRREToRpS6xspVb3OqTFItGsz8ZGFUsgeuRVICfmH>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2025. Este expediente inclúe suplementos de créditos (SUP.05/25) por importe de 10.334.972,00 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non



existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Os suplementos de créditos (SUP. 05/25), fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 20 de outubro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 06/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe suplementos de créditos (SUP.05/25) por importe de 10.334.972,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

Suplementos de Crédito “SUP. 05/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS - MELLORAS_C.P.FELIPE (Obra de mellora da eficiencia enerxética do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba)	3.290.972,00 €



330-3340-489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS _ CULTURA. (Achea a "Asoc. Premios da Crítica de Galicia" para "Premios da Crítica 2025")	3.000,00 €
456-4530-612.01	SEGURANZA VIARIA, MELLORA SINALIZACIÓN_INFRAESTRUTURAS (Conservación de firmes)	5.141.000,00 €
456-4530-612.02	INVESTIMENTOS. CONVENIOS EN ESTRADAS_INFRAESTRUTURAS (Convenios con concellos para estradas provinciais)	1.900.000,00 €
	Total suplementos de créditos...	10.334.972,00€

Financiamento do expediente de suplementos de créditos 05/25:

O expediente fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito (SUP. 05/25)...	10.334.972,00 €
	TOTAL...	10.334.972,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	0,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS...	10.334.972,00 €
SUMA...	10.334.972,00 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €



Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	10.334.972,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	10.334.972,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	10.334.972,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	3.000,00 €
Capítulo 6º Inversións reais.	10.331.972,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	10.334.972,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	10.334.972,00 €

Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

330- CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	OBXECTO E FINALIDADE
25/330-3340-489.05	Outras transferencias para actividades culturais _ Cultura	1.383.500,00 €	
G- 27 847 839	Asoc. Premios da Crítica de Galicia	3.000 €	Premios da Crítica 2025

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 06/2025 que inclúe suplementos de créditos (SUP.05/25) por importe de 10.334.972,00 euros, mais as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e



posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 06/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

4.8515.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2025 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (EXPTE. 2025069389)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/rs8f2wAmyIMsjecnwmYxB7ti5DZPumLqoX6Ttqlg9D5b5q3m>

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, na sesión extraordinaria de data 30 de setembro de 2025, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2025 por un importe global de 377.710,00 euros. Este expediente inclúe suplementos de crédito por importe de 301.500,00 euros e créditos extraordinarios por importe de 76.210,00 euros, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2024.

O detalle dos gastos e as aplicación orzamentarias as que afectan as modificacións do expediente de modificación de créditos número 2/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento son os seguintes:

Gastos correntes (Capítulo I):

- Aplicación 1360.13000, para atender á cobertura do gasto derivado do complemento persoal transitorio, previsto no artigo 26 do I Convenio



colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio.

- Aplicación 1360.13001, para atender a cobertura do gasto previsible en horas extras, en virtude da entrada en vigor do I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio, artigo 27.
- Aplicación 1360.16205, para atender a cobertura do custo total do seguro colectivo de accidentes previsto no artigo 45 do convenio colectivo, que sofre un incremento derivado da nova licitación e da ampliación do número de beneficiarios.

Gastos correntes (Capítulo II):

- Aplicación 1360.22607, para atender a cobertura dos gastos correntes en materiais e servizos derivados da celebración dos procesos selectivos dos postos de traballo de persoal operativo incluído na Oferta de Emprego Público 2025.
- Aplicación 1360.22707, expediente de licitación do Servizo de Prevención allea, ao que se incorporarán novas probas médicas vinculadas aos riscos específicos do persoal operativo.
- Aplicación 1360.23020, para atender dietas dos membros dos tribunais de selección dos postos de traballo de persoal operativo incluído na Oferta de Emprego Público 2025.
- Aplicación 9200.22604, para atender os custos de asesoramento e defensa letradas en procesos xudiciais.
- Aplicación 9200.23020, para atender dietas dos membros dos tribunais de selección das prazas de persoal funcionario incluído na Oferta de Emprego Público 2025.

Gastos de investimento (Capítulo VI):

- Aplicación 1360.64100, para atender a cobertura do custo de adquisición da aplicación informática de xestión de parques.
- Aplicación 9310.64100, para atender a cobertura do custo de adquisición da aplicación informática de xestión contable patrimonial.



Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento correspondente ó exercicio económico 2024.

Resultando que a Secretaria-Interventora do Consorcio emite informe de data 22 de setembro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando que segundo establece o artigo 122.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da Administración Pública á que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxeción ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o punto 4 deste mesmo artigo no que se sinala que os consorcios deberán formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscrición.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 2/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:



Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito número 2/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento por un importe global de 377.710,00 euros. Este expediente inclúe suplementos de crédito por importe de 301.500,00 euros e créditos extraordinarios por importe de 76.210,00 euros, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2024. O detalle do expediente e o seu financiamento e o seguinte:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 2/2025

CAPÍTULO I

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.1300	224.500,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	COMPLEMENTOS PERSOAIS TRANSITORIOS (ART. 26 CC) E POSIBLES INCREMENTOS RETRIBUTIVOS 2025
1360.13001	40.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	HORAS EXTRAS
1360.16205	9.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	SEGURO ACCIDENTES

CAPÍTULO II

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.22707	10.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	SERVIZO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS
1360.23020	5.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	DIETAS MEMBROS TRIBUNAIIS PROBAS SELECTIVAS PERSOAL OPERATIVO
9200.22604	11.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	ASESORAMENTO E DEFENSA LETRADA EN PROCESOS XUDICIAIS
9200.23020	2.000,00€	Remanente líquido tesourería 870.02	DIETAS MEMBROS TRIBUNAIIS PROBAS SELECTIVAS PERSOAL FUNCIONARIO



CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2/2025

CAPÍTULO II

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.22607	40.000,00€	Remanente líquido tesourería 870.01	OPOSICIÓN E PROBAS SELECTIVAS PERSOAL OPERATIVO

CAPÍTULO VI

Aplicación orzamentaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.64100	22.710,00€	Remanente líquido tesourería 870.01	APLICACIÓN INFORMÁTICA XESTIÓN DE PARQUES
9310.64100	13.500,00€	Remanente líquido tesourería 870.01	APLICACIÓN INFORMÁTICA XESTIÓN CONTABLE

Unha vez introducidas as citadas modificacións o resume por capítulos do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento do exercicio de 2025 queda como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe €	Capítulo	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	4.875.300,00€	1	Impostos directos	0,00€
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.189.720,92€	2	Impostos indirectos	0,00€
3	Gastos financeiros	0,00€	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,0€
4	Transferencias correntes	6.000,00€	4	Transferencias correntes	3.140.000,0€
5	Fondo de continxencia	3.000,00€	5	Ingresos patrimoniais	100,00€
6	Investimentos reais	1.783.689,66€	6	Alleamento de inversións reais	0,00€
7	Transferencias de capital	0,00€	7	Transferencias de capital	0,00€
8	Activos financeiros	7.000,00€	8	Activos financeiros	2.490.010,5€



9	Pasivos financeiros	0,00€	9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL	7.864.710,58€		TOTAL	7.864.710,5€

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 2/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento que inclúe suplementos de crédito (SUP. 02/2025) por importe de 301.500,00 euros e créditos extraordinarios (EXT. 02/2025) por importe de 76.210,00 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.8516.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS NO CAMPO DE FÚTBOL DO CONCELLO DE CRECENTE” PRESENTADO POLO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2023030749-2025070502)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/mctPNviA1ih8zJsXInrOo4V6lTQzAWvgOCasOKeq47h1yAHg>



ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Crecente con destino á execución da actuación denominada “Renovación de Equipamentos no Campo de Fútbol do Concello de Crecente”, ao abeiro do Programa PON2030.

O custo total da actuación ascendía a 428.478,28€ e a subvención concedida a 364.206,54€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 64.271,74€.

- O 29/02/2024 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Crecente, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Mediante o acordo núm. 7.33795 de 21/05/2024, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan +Provincia 2024 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención ao concello por importe de 64.271,74€, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal da citada actuación (Expte. 2024015567).



- Na data 22/10/2024 o concello adxudica o contrato da obra por un importe de 394.200,02€, resultando unha baixa de adxudicación de 34.278,26 € (8,00%). Na data 13/11/2024 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 26/03/2025 o Concello de Crecente presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025021837) o certificado do acordo de adxudicación da obra e na data 31/03/2025 o contrato administrativo (núm. Rexistro WEB2025023853). Posteriormente, na data 08/10/2025 o concello presenta no Rexistro un proxecto técnico modificado, así como a súa aprobación por parte do órgano competente. O novo orzamento de adxudicación do modificado ascende a 428.408,21€, resultando un incremento de 34.208,19€ (8,68%), que pode financiarse contra a baixa de adxudicación (34.278,26€).

A necesidade de modificar o proxecto é debido a que unha vez comezadas as obras detectáronse unha serie de deficiencias nas infraestruturas existentes comprobando que as condicións reais non se corresponden coas estimadas ao momento de redactar o proxecto.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 09/10/2025 (CSV: QVK6MNSSLE746WCZ).
- Examinado o proxecto modificado pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na sesión de data 13/10/2025, conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos propostos da Axenda 2030 nin ao cumprimento das políticas panca consideradas no proxecto orixinal, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria. No caso da eficiencia enerxética do edificio o proxecto modificado mellóraa.
- O día 13/10/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: WX389NVCTJLY7222).
- Na data 17/10/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a



Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: SSKKITI8384IMJPT).

- O día 20/10/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: MQBLTQGYHU4P4XWR).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 24/10/2025 (CSV: TXILOIQ293XBD4RS).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas



e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución da actuación denominada “Renovación de Equipamentos no Campo de Fútbol do Concello de Crecente” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que



conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrència competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto modificado presentado polo Concello de Crecente para a execución da actuación denominada “Renovación de Equipamentos no Campo de Fútbol do Concello de Crecente” no marco do Programa PON2030 non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

A necesidade de modificar o proxecto é debido a que unha vez comezadas as obras detectáronse unha serie de deficiencias nas infraestruturas existentes



comprobando que as condicións reais non se corresponden coas estimadas ao momento de redactar o proxecto.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 34.208,19€. Tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 34.278,26€, pode financiarse contra dita baixa de adxudicación.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria. No caso da eficiencia enerxética do edificio o proxecto modificado mellóraa.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Renovación de Equipamentos no Campo de Fútbol do Concello de Crecente” presentado polo Concello de Crecente ao abeiro do Programa PON2030, sen variación do importe total do orzamento inicial .
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Crecente, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8517.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN E MELLORA ENERXÉTICA DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL DE PORTAS” PRESENTADA POLO CONCELLO DE**



PORTAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030
(EXPTES. 2023030717 - 2025070504)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/n6EcOwpJsFz5rtNa33nsDc3XjCw2q1WmIczxK87oiQFXtXd8>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Portas con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas”, ao abeiro do Programa PON2030.

O custo total da actuación ascendía a 207.614,46€ e a subvención concedida a 176.472,29€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 31.142,17€.

- O 14/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Portas, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal



non será posible o pago da subvención.

- Mediante o acordo núm. 8.8202 o Pleno da Corporación Provincial de data 31/05/2024 aprobou o proxecto técnico reformulado da actuación “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas”, presentado polo concello. O novo orzamento aumenta en 23.375,13€ ata o importe de 230.989,59€ (224.637,09€ de execución de obra e 6.352,50€ de honorarios técnicos). A addenda pola que se modifica a cláusula segunda, referida ao financiamento, para axustala aos cambios mencionados, foi asinada o día 30/07/2024.
- Mediante Resolución Presidencial RP2024004838 de data 10/06/2024, no marco do Plan +Provincia 2024, concedeuse unha subvención por importe de 54.517,30€ ao concello, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Programa PON2030 do investimento “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial”, polo que a Deputación financia a totalidade do investimento.
- Na data 14/02/2025 o concello adxudica o contrato da obra por un importe de 199.927,00€, resultando unha baixa de adxudicación de 24.710,09€ (11,00%).
- Na data 01/10/2025, o Concello de Portas presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025068299) un proxecto modificado coa súa aprobación, un informe xustificativo e documentación complementaria. Así mesmo, na data 02/10/2025 o concello presenta no rexistro da Deputación (WEB2025068650) a adxudicación do contrato. Os cambios reflexados no proxecto modificado débense á problemas surxidos no transcurso da obra como a reparación e rexuntado das fachadas de pedra, á substitución do tipo de iluminación prevista para a mellora dos niveis de alumado na planta alta e o cambio da posición da oficina de planta baixa.

O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 223.989,48€, resultando un incremento de 24.062,48€, que pode financiarse integramente contra a baixa de adxudicación (24.710,09€).

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 09/10/2025 (CSV:



VUVUWJX48M65F5A).

- Examinado o proxecto modificado pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na sesión de data 13/10/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que estes cambios non afectan aspectos técnicos nin de eficiencia enerxética manténdose a do proxecto primitivo, nin ao grao de madurez do proxecto, tampouco modifican os obxectivos propostos da Axenda 2030 nin o cumprimento das políticas panca do proxecto primitivo, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 13/10/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: WBOSON8GINP5J2X8).
- Na data 17/10/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: P1C7TS56682QQZG7).
- O día 20/10/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: 63AVXSCI1W8MS7NB).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 24/10/2025 (CSV: TMIETTS7IKZDK1VW).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Portas para a execución da actuación denominada “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da



Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a



aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto modificado presentado polo Concello da Portas para a execución da actuación denominada “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a problemas surtidos no transcurso da obra como a reparación e rexuntado das fachadas de pedra, a substitución do tipo de iluminación prevista para a mellora dos niveis de alumeado na planta alta e o cambio da posición da oficina de planta Baixa.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 24.062,48€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 24.710,09€, o incremento pode financiarse coa dita baixa.

A Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas” presentado polo Concello de Portas ao abeiro do Programa PON2030.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Portas, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8518.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “REXENERACIÓN AMBIENTAL E ADECUACIÓN DO ANTIGO CAMPING PEDRA RUBIA PARA ÁREA RECREATIVA PÚBLICA, MOUGÁS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE OIA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 3.8370, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 20240777021 - 2025070506)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/LtIuemcecqj6OPw8Sdzc8ITaYMRSDWexQAGSBrGrcEqLFMwR>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de



18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das Bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das Bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Oia con destino á execución da actuación denominada “Rexeneración Ambiental e Adecuación do Antigo camping Pedra Rubia para área recreativa pública, Mougás”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 1.539.526,69€ e a subvención concedida a 500.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.039.526,69€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003055 de 22/04/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Oia, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 07/05/2025.
- Na data 19/09/2025 o Concello de Oia presenta no Rexistro da



Deputación (núm. rexistro WEB2025065765, WEB2025065768, WEB2025065780, WEB2025065783), a solicitude de reformulación da subvención concedida; un certificado do acordo de aprobación do proxecto reformulado; a autorización da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia; o proxecto reformulado presentado por módulos; un informe técnico sobre a innecesidade de solicitar unha nova autorización sectorial ao Instituto de Estudos do Territorio, así como a necesidade de solicitar á D.X. de Patrimonio Cultural un informe respecto da necesidade ou non de tramitar nova solicitude de autorización previa e no caso afirmativo a emisión do mesmo, o cal foi emitido e presentado no Rexistro da Deputación o día 16/10/2025 (núm. rexistro WEB2025071928). Os cambios introducidos no proxecto supoñen a modificación do importe total do orzamento de licitación, que pasa de 1.539.526,69€ a 1.455.806,59€, e a subvención concedida de 500.000,00€ a 494.329,99€, xa que o concello conta cunha axuda ao abeiro do RD 1073/2021 por importe de 961.476,60€. As variacións entre ambos proxectos débense a reaxustes da proposta, que inclúen a homoxeneización dos peches do recinto a unha tipoloxía única, a eliminación da edificación de vestiarios con aseos e aumento dos inodoros do quiosco, e a eliminación do sistema de aire acondicionado do quiosco.

- Na data 08/10/2025 o Concello de Oia presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025070052, WEB2025070054, WEB2025070057) documentación complementaria como contestación ao requirimento efectuado polo Servizo de Cooperación o día 25/09/2025 (NOT2025024592).
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 09/10/2025 (CSV: A8U5V2LW3U4KLRC8).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 15/10/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos, así como que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



- O día 15/10/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: VEQWK7MBBF EZQRTN).
- Na data 20/10/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: 1SJEMDT4816QX313).
- O día 21/10/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: 9JEG5LMBREKJOWOF).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 24/10/2025 (CSV: 4IC8QQQGU8UMTW7W).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o



Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Oia para a execución da actuación denominada “Rexeneración ambiental e adecuación do antigo camping Pedra Rubia para área recreativa pública, Mougás”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o



beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrència competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 9ª do convenio, en concordancia coa Base reguladora 20ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado.



Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Oia para a execución da actuación denominada “Rexeneración Ambiental e Adecuación do Antigo camping Pedra Rubia para área recreativa pública, Mougás”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento diminúe en 83.720,10€ ata o importe de 1.455.806,59€, reducíndose o importe da subvención concedida á contía de 494.329,99€ e modificándose a achega do concello, que tamén diminúe ata os 961.476,60€.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acoillidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrència competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Rexeneración Ambiental e Adecuación do Antigo camping Pedra Rubia para área recreativa pública, Mougás” presentado polo Concello de Oia ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Modificar o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello de Oia para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.455.806,59 €	494.329,99 €	961.476,60 €

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Oia, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8519.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA DAS DÚAS IGREXAS EN FORCAREI” PRESENTADO POLO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTES. 2024076711 - 2025070507)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/pjrSYE3olgik8W7GyTqKUcHLCeHD4T7CfM6chXONaf9ariod>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das Bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de



modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”.

Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Forcarei con destino á execución da actuación denominada “Humanización e Mellora Peonil da Rúa das Dúas Igrexas en Forcarei”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 588.305,49€ e a subvención concedida a 500.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 88.305,49€.

- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025004356 de 27/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.
- Na data 10/10/2025 o Concello de Forcarei presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025070622) un proxecto reformulado do proxecto inicial, a autorización de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, unha certificación do acordo de aprobación do proxecto reformulado, un escrito aclaratorio suscrito pola alcaldía e un informe técnico sobre as afeccións sectoriais. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense á inclusión dunha nova rede de



saneamento separativa de fecais e pluviais, así como un recorte das actuacións polo tramo nordeste.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 10/10/2025 (CSV: BHE069YGCNNM60C0).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 15/10/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 15/10/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: QK3R7TVLNWPBKIR3).
- Na data 21/10/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: RNUGP9QH4FI2YQRL).
- O día 21/10/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: RL0EHT27OPU98WY0).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 24/10/2025 (CSV: 4IN8TAZ1EQOIIYMY).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu



- Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
 - Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
 - Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
 - Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
 - Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
 - Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o



control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto



inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Forcarei para a execución da actuación denominada “Humanización e Mellora Peonil da Rúa das Dúas Igrexas en Forcarei”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acoillidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Humanización e Mellora Peonil da Rúa das Dúas Igrexas en Forcarei” presentado polo Concello de Forcarei ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Forcarei, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8520.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-0601 PORTOSANTO–CAMPELO–PO-308, DENDE O PQ 2+410 ATA O PQ 3+510 (CONCELLO DE POIO)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTE. 2025045388)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Jqt0kgDcXFc4jgegAEsmJtW7WllLT3h4liqyXNuShQ2PD00f>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto



construtivo de obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)”. O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Poio.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50m de largo na marxe dereita da estrada e a implantación dunha zona de convivencia no PQ 3+350 onde non é posible acadar o largo mínimo de 2,50m. Ademais, contempla a execución de muros de sostemento da estrada, a creación de prazas de estacionamento, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais, a renovación da iluminación pública e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

O orzamento das obras proxectadas ascende a un millón oitocentos vinte e nove mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (1.829.667,52€). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en setenta e dous mil catrocentos nove euros con noventa e sete céntimos (72.409,97€).

2. O Concello de Poio e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración en data 12 de xuño de 2025. De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiase integramente polo Concello de Poio.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoración da Lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV: 0Z4QK9IVD98O676W) redactado polo enxeñeiro José Plácido Gosende Tuñas.
- No anexo 13 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 21/04/2025, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do director de Infraestruturas de 22/04/2025 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificacións catastrais das parcelas obxecto de expropiación e notas simples positivas do Rexistro da Propiedade de Pontevedra nº 2 de 14 de xullo de 2025, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 15 de xullo de 2025, no que se fai constar os propietarios resultantes das referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.



O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 23 de abril de 2025 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a zona de actuación é un tramo de estrada de dobre sentido de circulación sen beiravías nin beirarrúas, o que afecta á seguridade dos usuarios da vía e provoca que se creen situacións de perigo cos vehículos e peóns que discorren por ela.



Para eliminar esta perigosidade existente, vese necesario por seguridade viaria executar un itinerario peonil que discorra pola marxe dereita da estrada que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 55 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación para tódolos usuarios da vía”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.



A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
 - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
 - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación (Artigo 21.1 LEG)”.
- “2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:
 - a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
 - b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o exixido na lexislación de contratos do sector público.
 - c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou



que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente”.

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12/02/2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considerase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei, e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).



De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.”

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

A Secretaría Xeral emitiu informe en data 10 de outubro de 2025. É preceptivo o informe do Servizo de Intervención, o cal foi emitido favorablemente en data 1 de outubro de 2025.

Polo indicado, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)” cun orzamento de 1.829.667,52 € e 72.409,97 € en concepto de expropiacións.



Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
D01	6282042NG2968S	8,50	10 m ² Edificación (almacén)
D02	6282043NG2968S	5,50	
D03	6282044NG2968S	5,00	
D04	6282048NG2968S	3,75	
D05	6282050NG2968S	11,50	
D06	6282052NG2968S	7,75	
D07	6282054NG2968S	5,25	
D08	6282056NG2968S	10,00	
D09	6282059NG2968S	72,50	
D10	6185625NG2968N	48,25	
D11	6185628NG2968N	39,50	39,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
D12	6185631NG2968N	21,00	21 m ² Soleira de formigón



D13	6185632NG2968N	15,75	15,75 m ² Soleira de formigón
D14	6185684NG2968N	53,50	32 m ² Viñado
D15	6185685NG2968N	48,50	12 m ² Viñado
D16	6185642NG2968N	50,00	
D17	6185643NG2968N	49,75	
D18	6185644NG2968N	43,00	
D19	6185672NG2968N	20,00	15 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			5 m ² Zona axardinada
D20	6185602NG2968N	15,75	15,75 m ² Pavimento de losa granítica
D21	6187601NG2968N	33,75	
D22	6289042NG2968N	43,00	12 m ² Peche de bloque recebado
			1 ud. Árbore ornamental
D23	6289043NG2968N	171,00	75 m ² Peche de bloque con malla electrosoldada
			7 ud. Árbore froiteira
			6 m ² Edificación (almacén)
D24	6289044NG2968N	92,50	90 m ² Viñado
D25	6289047NG2968N	63,50	1 ud. Árbore madeirable
D26	6491001NG2969S	13,50	
I01	6082231NG2968S	24,75	24,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I02	6082230NG2968S	7,25	7,25 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I03	6082229NG2968S	6,00	6 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I04	6082228NG2968S	1,00	1 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I05	6082227NG2968S	20,75	20,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I06	6082226NG2968S	12,50	12,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I07	6082225NG2968S	19,00	19 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I08	6082223NG2968S	33,50	15,50 ml. Peche de pedra con reixa metálica
I09	6084412NG2968S	81,00	
I10	6082219NG2968S	133,00	33 ml. Peche de pedra con reixa metálica
			15 m ² Soleira de formigón
I11	6084403NG2968S	106,75	
I12	6084402NG2968S	65,75	
I13	6084401NG2968S	52,00	
I14	6186911NG2968N	91,75	
I15	6186919NG2968N	35,00	
I16	6186903NG2968N	2,50	
I17	6186902NG2968N	62,25	6,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I18	6188005NG2968N	58,00	
I19	6188002NG2968N	5,50	5,50 m ² Soleira de formigón
I20	6188001NG2968N	40,00	9,50 m. Peche de pedra



			30 m ² Zona axardinada
			8 m. Balaustrada de pedra
I21	6189012NG2968N	8,75	3,20 m ² . Zona axardinada
			5,35 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I22	6189011NG2968N	59,50	39,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			16,25 m ² Soleira de formigón
I23	6189038NG2968N	155,75	108 m ² Viñado
I24	6189045NG2968N	336,00	
I25	6291308NG2969S	19,75	19,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I26	6291307NG2969S	65,00	40 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			9 m. Peche de pedra
I27	6291301NG2969S	34,75	
I28	6291306NG2969S	19,75	12,25 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			4 ml. Varanda metálica
I29	6291305NG2969S	17,25	10 m ² Soleira de formigón

10.8521.- **APROBACIÓN DO I PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2025063426)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2PxDyPgkPjBIKCYhNtc08rLMAGqftbjexUFVjtysfGpldeVE>

ANTECEDENTES:

Primeiro. Coa creación do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico como unidade orgánica independente no exercicio 2024, a Deputación de Pontevedra asumiu un compromiso firme co desenvolvemento xuvenil, fomentando políticas innovadoras e sostíbeis que lle permitan á mocidade da provincia alcanzar o seu máximo potencial.

Froito dun traballo de campo previo levado a cabo no último ano, nace o “I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra”, que representa un compromiso firme co desenvolvemento integral da poboación moza da provincia, clave para o progreso social, económico e cultural do territorio.

O plan fundaméntase nun proceso participativo que permitiu recompilar unha radiografía precisa da realidade xuvenil pontevedresa. A través de enquisas



dirixidas a mozas e mozos, cuestionarios a concellos e análises dos servizos da propia Deputación, identificáronse as súas principais preocupacións e necesidades.

Este enfoque metodolóxico asegura que as políticas propostas sexan inclusivas, sostíbeis e adaptadas á diversidade de contextos dentro da provincia.

Segundo. O plan estrutúrase en seis eixos de actuación:

- Emancipación económica, social e habitacional.
- Participación, comunicación e apoderamento.
- Gobernanza e coordinación interinstitucional.
- Vida rural e sustentabilidade.
- Educación non formal e lecer alternativo.
- Benestar e saúde mental.

As iniciativas que contén busca non só abordar os desafíos actuais, senón tamén sentar as bases para un futuro no que a mocidade de Pontevedra poida desenvolver proxectos de vida autónomos e contribuír activamente ao desenvolvemento da súa contorna.

Terceiro. Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establécese un modelo descentralizado de xestión de políticas xuvenís, onde a Administración local poderá asumir unha serie de competencias en materia de xuventude, e a Deputación de Pontevedra asume un rol coordinador e facilitador, apoiando aos concellos para garantir unha oferta homoxénea de oportunidades que fomente a autonomía e o protagonismo xuvenil.

As materias onde a administración local poderá asumir competencias na materia ao abeiro do precepto citado son as seguintes:

- a) A planificación estratéxica local en materia de xuventude, no marco do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, e co asesoramento, se o precisase, do Instituto da Xuventude de Galicia.
- b) A xestión das políticas na citada materia que puidesen serlle encomendadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da formalización de convenios ou outros



instrumentos de colaboración de natureza análoga, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración local.

- c) A creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- d) A programación municipal de servizos á mocidade, de acordo co establecido na planificación municipal e no Plan estratéxico de xuventude de Galicia.
- e) A creación e o mantemento das oficinas e puntos de información para a xuventude, que se integrarán na Rede Galega de Información Xuvenil.
- f) A promoción e impulso do asociacionismo xuvenil como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- g) O impulso da creación de consellos locais de xuventude, de conformidade coa presente lei.
- h) A promoción da colaboración con entidades de carácter privado que lle presten servizos á mocidade no seu ámbito territorial.
- i) A dinamización da lingua galega entre as e os mozos no seu ámbito territorial.

Así mesmo, determínase que as deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, lles proporcionarán apoio económico, técnico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias, e neste contexto, a Deputación de Pontevedra terá competencia para coordinar, apoiar e fomentar iniciativas que promovan o benestar e a participación activa da xuventude no territorio.

Cuarto. Estas competencias inclúen, entre outras:

- Asistencia e cooperación cos municipios: ofrecer apoio técnico e financeiro aos concellos no deseño e implementación de políticas e programas xuvenís, que asegure unha oferta homoxénea de oportunidades para a mocidade en toda a provincia.
- Promoción da participación xuvenil: impulsar a creación e dinamización de espazos e órganos de participación xuvenil, coma consellos de xuventude ou foros de debate, co obxectivo de fomentar o protagonismo das e dos mozos na toma de decisións que afectan a súa contorna.



- Fomento da emancipación e a inserción laboral: a través de programas de formación, orientación e emprego, contribuír a mellorar a empregabilidade da mocidade, facilitando o seu acceso a un mercado laboral de calidade e promovendo iniciativas de emprendemento xuvenil.
- Apoio á educación non formal e o lecer educativo: desenvolver programas de educación en valores, formación en habilidades sociais e actividades de lecer e tempo libre, promovendo o acceso a oportunidades de aprendizaxe fóra do ámbito académico formal.
- Impulso á mobilidade xuvenil: mediante bolsas, intercambios e programas europeos, fomentar a mobilidade das e dos mozos como ferramenta para o desenvolvemento persoal e profesional e para facilitar experiencias internacionais que enriquezan o perfil da mocidade da provincia.
- Fomento de hábitos de vida saudables e de benestar: Colaborar na promoción da saúde xuvenil, a prevención de condutas de risco e o acceso a servizos de benestar emocional e social.
- Apoio á cultura, á creatividade e ao deporte xuvenil: incentivar iniciativas culturais, artísticas e deportivas dirixidas á xuventude, promovendo a diversidade de expresións e o acceso a recursos culturais e deportivos.

Quinto. O Plan estratéxico de xuventude estará vixente ata que se aprobe un novo que o substitúa.

Sexto. Con data 22 de setembro de 2025, incorpóranse ao expediente o documento íntegro do I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra (CSV: BJVI0Q9DISIJ1IPQ) e o seu anexo I: Análise de datos para a diagnose da xuventude na provincia (CSV: LIC9R2HG1MCT8JPO). Consta no expediente o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude e Reto demográfico no que solicita a fiscalización previa do expediente pola Intervención provincial (CSV: 3NZ0NQM7VIAKBJO0).

Sétimo. Con data 9 de outubro de 2025, Intervención informa favorablemente a proposta de aprobación do I Plan Estratéxico de Xuventude, que figura asinado no expediente (CSV: BVPPMAYNFORLO17Z).



Oitavo. O asunto someteuse con carácter previo ao ditame da Comisión Informativa de Deportes, Xuventude e Vida saudable, de data 24 de outubro de 2025 (CSV: 5971WQZ8VGMQ4SVT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Réxime xurídico

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Competencia para resolver

De conformidade co establecido no artigo 33.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBL), corresponde ao Pleno a aprobación dos plans de carácter provincial.

O Plan estratéxico de xuventude é un instrumento estratéxico e de planificación dunha materia de interese público, ten carácter transversal e o seu ámbito abarca todos os concellos da provincia.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes sinalados, e co ditame da Comisión Informativa de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE, e coas abstencións do BNG:

- Aprobar o I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra que se recolle a continuación:

“ I PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ÍNDICE

<u>1. INTRODUCCIÓN</u>	5
<u>2. MARCO NORMATIVO</u>	6
<u>3. METODOLOXÍA</u>	1262
<u>4. OBXECTIVOS DO PLAN PROVINCIAL DE XUVENTUDE</u>	13



<u>5. EIXES DE ACTUACIÓN.....</u>	14
<u>6. PLAN DE ACCIÓN.....</u>	15
<u>7. AVALIACIÓN DO PLAN DE XUVENTUDE.....</u>	32
<u>8. ANEXO I. ANÁLISE DE DATOS PARA A DIAGNOSE DA XUVENTUDE NA PROVINCIA.....</u>	33

1. INTRODUCCIÓN

O I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra representa un compromiso firme co desenvolvemento integral da poboación moza da provincia, clave para o progreso social, económico e cultural do territorio. Este documento, aliñado cos marcos normativos europeo, estatal e autonómico, busca darlles resposta ás necesidades e aspiracións da mocidade, promovendo a súa emancipación, participación activa e benestar nun contexto marcado por retos coma o despoboamento, o acceso á vivenda e a inserción laboral.

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, asume un rol coordinador e facilitador, apoiando os municipios para garantir unha oferta homoxénea de oportunidades que fomenta a autonomía e o protagonismo xuvenil.

O plan fundaméntase nun proceso participativo que permitiu recompilar unha radiografía precisa da realidade xuvenil pontevedresa. A través de enquisas dirixidas a mozas e mozos, cuestionarios a concellos e análises dos servizos da propia Deputación, identificáronse as súas principais preocupacións e necesidades. Este enfoque metodolóxico asegura que as políticas propostas sexan inclusivas, sostibles e adaptadas á diversidade de contextos dentro da provincia.

O plan estrutúrase en seis eixes de actuación: emancipación económica, social e habitacional; participación, comunicación e apoderamento; gobernanza e coordinación interinstitucional; vida rural e sustentabilidade; educación non formal e lecer alternativo; e benestar e saúde mental. As iniciativas que conteñen buscan non só abordar os desafíos actuais, senón tamén sentar as bases para un futuro no que a mocidade de Pontevedra poida desenvolver proxectos de vida autónomos e contribuír activamente ao desenvolvemento da súa contorna.

2. MARCO NORMATIVO

POLÍTICAS DE XUVENTUDE NA UNIÓN EUROPEA

A estratexia da UE para a xuventude é o marco europeo de cooperación neste campo para todos os estados membros durante o período 2019-2027.

Esta estratexia é froito dun proceso de diálogo entre persoas mozas de toda Europa (desde España, a través do Consello da Xuventude de España - CJE - e o Instituto da Xuventude de España – INJUVE -, órgano dependente do Ministerio de Infancia e Xuventude), e ten como base a Resolución do Consello do 26 de novembro de 2018.

O texto propón prestarlles especial atención aos seguintes puntos:



- a) Impulsar a participación da mocidade na vida democrática e cívica.
- b) Conectar mozas e mozos de toda a Unión Europea (UE) e de fóra desta para impulsar o compromiso co voluntariado, a mobilidade na aprendizaxe, a solidariedade e o entendemento intercultural.
- c) Apoiar a súa capacitación a través da calidade, a innovación e o recoñecemento do traballo no ámbito da mocidade.

Enmarcado neste programa atópase o “Youth Policy Dialogues” (Diálogos sobre políticas de mocidade), co que se busca a implicación da mocidade nas decisións políticas da UE, mediante debates abertos, intercambio de ideas e mecanismos de participación activa na vida democrática dos distintos organismos da Unión, coma a Comisión Europea ou o Parlamento.

Pola súa banda, o programa **“Erasmus +”** da UE permítelle á poboación nova realizar estudos, actividades de voluntariado e mesmo traballar noutro país europeo coa maior parte dos gastos sufragados. Esta iniciativa, posta en marcha en 2014 como unha evolución do “Erasmus” orixinal, está deseñada para fomentar o coñecemento doutras culturas e idiomas, así como o desenvolvemento profesional e persoal na esfera internacional.

Outros instrumentos onde a xuventude está referenciada no plano europeo son o “Pacto verde europeo” ou o “Corpo europeo de solidariedade”.

POLÍTICAS DE XUVENTUDE EN ESPAÑA

I. A Estratexia de xuventude 2030, aprobada en 2022 polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a través do INJUVE, nace co propósito de actualizar as políticas estatais dirixidas á mocidade, de acordo coas premisas da sostibilidade, da igualdade e da xustiza social. Baixo o marco da Constitución española, que no seu artigo 48 se establece que “os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural”, esta estratexia alíñase coa Axenda 2030 e co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Denominada “Bases para un novo contrato social coa xuventude”, esta estratexia é o resultado dun proceso de reflexión colectiva sobre o modelo de país e sociedade que se aspira a construír cara ao final da década, co obxectivo de construír un futuro máis igualitario, sostible e xusto, tanto para a mocidade coma para o conxunto da sociedade e o medio ambiente.

Para logralo, desenvólvense plans de acción trienais, apoiados por medidas concretas e investimento público, articulados en dez eixes de carácter específico e dous transversais:

1. Educación e formación inclusivas, equitativas e de calidade, e aprendizaxe durante toda a vida.
2. Autonomía, emprego digno e emprendemento xove.
3. Emancipación, vivenda, natalidade e proxecto vital.
4. Saúde integral e calidade de vida.
5. Colectivos novos e adolescentes en grave risco de exclusión social ou suxeitos a dobre discriminación. Economía dos coidados e políticas de exclusión.



6. Xuventude e transformación global: participación e voluntariado.
7. Mobilidade xuvenil: emigración e retorno.
8. Xuventude e mundo rural.
9. Xestión do coñecemento sobre a realidade xuvenil e os servizos á mocidade.
10. Gobernanza xuvenil e cooperación institucional.
11. Mulleres novas e igualdade.
12. Xuventude, medio ambiente e sostibilidade.

Coa vista posta en 2030, esta estratexia é un instrumento ambicioso co que se busca construír un contrato social renovado, para evitar deixar a mocidade á marxe e facilitando proxectos de vida autónomos. O seu enfoque metodolóxico e os seus eixes conforman un marco integral para abordar os retos do presente e do futuro.

II. O Estado articula a súa acción en materia de xuventude a través dun conxunto de instrumentos normativos e programas estratéxicos que materializan os principios da Estratexia de xuventude 2030.

No ámbito da vivenda destacan medidas coma o Bono aluguer xove, unha axuda directa destinada a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro para mozas e mozos de entre 18 e 35 anos, así como un programa específico de subvencións directas para comprar en municipios de menos de 10.000 habitantes, ambos deseñados para fomentar a emancipación xuvenil e a repoboación das zonas rurais, e xestionadas polas comunidades autónomas.

En materia de emprego, o Programa de garantía xuvenil, dependente do SEPE e incentivado pola UE, busca mellorar a inserción laboral das e dos mozos de entre 16 e 30 anos mediante formación especializada e oportunidades de primeira experiencia profesional. As comunidades autónomas, ademais de teren competencias en materia de emprego, formación e educación, son as responsables da súa coordinación e execución no ámbito local.

Así mesmo, cómpre mencionar o Consello da Xuventude de España, unha plataforma que canaliza a participación das organizacións xuvenís no deseño de políticas públicas. O CJE persegue a participación activa das persoas mozas na vida pública, concretamente nas vertentes política, social, económica e cultural.

Todos estes programas enmárcanse no enfoque multinivel que caracteriza as políticas de xuventude, onde converxen as actuacións da UE, da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.

POLÍTICAS DE XUVENTUDE EN GALICIA

O Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril), no seu artigo 27, atribúelle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de promoción do deporte e adecuada utilización do lecer, de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario. Sobre este fundamento xurídico desenvólvese un marco normativo integral en materia de xuventude co que se procura un dobre obxectivo: garantir



a plena integración da mocidade nos ámbitos social, económico e político e establecer un sistema eficaz de gobernanza multinivel.

A Xunta de Galicia ten a competencia para coordinar a execución das políticas públicas xuvenís da Administración local no territorio autonómico, asegurando a coherencia na asignación de recursos e a vertebración territorial, respectando sempre as competencias municipais. Este marco materialízase en tres piares normativos fundamentais: o Plan estratéxico de xuventude de Galicia, a Lei de xuventude de Galicia e a Lei de impulso demográfico de Galicia.

I. O Plan estratéxico de xuventude de Galicia (2025-2027) aprobouse recentemente e constitúe o principal instrumento de planificación das políticas xuvenís de ámbito autonómico.

Conta con 133 medidas destinadas a mellorar a empregabilidade da xuventude, garantir o seu benestar físico e psíquico e contribuír á súa emancipación, así como a fomentar a súa participación de forma activa no desenvolvemento social e económico de Galicia.

O novo plan divídese en doce áreas estratéxicas e constitúe unha folla de ruta integral e transversal, co que se procura mellorar a vida da mocidade galega, unhas 400.000 persoas de entre 14 e 30 anos.

No ámbito da mobilidade, no plan contéplanse medidas tanto para favorecer a mobilidade internacional coma para facilitar os seus desprazamentos dentro do territorio autonómico. Desta forma, destaca o programa “Galicia moza con alma”, para estancias formativas en empresas de países da UE para mozas e mozos en situación de vulnerabilidade.

Paralelamente, prevese unha ampliación do número de prazas en residencias xuvenís públicas para permitir o acceso a aloxamentos accesibles a quen por razóns de estudo ou traballo teñan que desprazarse a outra localidade.

No ámbito da vivenda, que é unha das principais preocupacións da mocidade, poñeranse en marcha axudas para facilitar a súa emancipación, coma o “Bono Emancígate”.

Finalmente, no plan propónse desenvolver unha política de comunicación efectiva e bidireccional coa xuventude, con iniciativas coma estender a figura “Correspondentes Xuvenís” a un maior número de centros de ensino.

II. Na Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia establécese o marco xurídico para definir e executar as políticas de xuventude na comunidade autónoma.

Nesta normativa recóllense os dereitos e obrigas da mocidade galega e asígnalles competencias específicas ás administracións públicas neste ámbito.

No articulado da lei promóvese a participación activa da xuventude na vida pública, fomentando o asociacionismo e a creación de órganos de representación xuvenil. Ademais, contempla o desenvolvemento de programas específicos en materia de formación, emprego e acceso á vivenda, co obxectivo de favorecer a autonomía persoal e a inclusión social das



persoas mozas. Na norma tamén se establecen mecanismos de avaliación e seguimento para garantir a efectividade das políticas implementadas.

III. A Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, responde os desafíos demográficos que enfronta a comunidade autónoma, especialmente en termos de envellecemento e despoboamento. Dentro deste marco, nela incorpóranse medidas orientadas á atracción e retención de poboación moza, con especial atención á dinamización do medio rural.

Entre as súas disposicións clave inclúense incentivos para a emancipación xuvenil, o acceso á vivenda e a conciliación da vida laboral e familiar.

Así mesmo, a lei reforza o papel da xuventude no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, co impulso de iniciativas de emprendemento e formación adaptadas ás novas demandas do mercado laboral.

Partindo deste contexto, a planificación estratéxica local en materia de mocidade deberá respectar o establecido no Plan estratéxico de xuventude de Galicia, co fin de evitar duplicidades e optimizar os recursos públicos.

COMPETENCIAS LOCAIS: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

No artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, establécese un modelo descentralizado de xestión de políticas xuvenís, onde a Administración local poderá asumir unha serie de competencias en materia de xuventude:

- a) A planificación estratéxica local en materia de xuventude, no marco do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, e co asesoramento, se o precisase, do Instituto da Xuventude de Galicia.
- b) A xestión das políticas na citada materia que puidesen serlle encomendadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da formalización de convenios ou outros instrumentos de colaboración de natureza análoga, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración local.
- c) A creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- d) A programación municipal de servizos á mocidade, de acordo co establecido na planificación municipal e no Plan estratéxico de xuventude de Galicia.
- e) A creación e o mantemento das oficinas e puntos de información para a xuventude, que se integrarán na Rede Galega de Información Xuvenil.
- f) A promoción e impulso do asociacionismo xuvenil como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- g) O impulso da creación de consellos locais de xuventude, de conformidade coa presente lei.
- h) A promoción da colaboración con entidades de carácter privado que lle presten servizos á mocidade no seu ámbito territorial.



- i) A dinamización da lingua galega entre as e os mozos no seu ámbito territorial.

Así mesmo, determínase que as deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, lles proporcionarán apoio económico, técnico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra terá competencia para coordinar, apoiar e fomentar iniciativas que promovan o benestar e a participación activa da xuventude no territorio.

Estas competencias inclúen, entre outras:

1. Asistencia e cooperación cos municipios: ofrecer apoio técnico e financeiro aos concellos no deseño e implementación de políticas e programas xuvenís, que asegure unha oferta homoxénea de oportunidades para a mocidade en toda a provincia.
2. Promoción da participación xuvenil: impulsar a creación e dinamización de espazos e órganos de participación xuvenil, coma consellos de xuventude ou foros de debate, co obxectivo de fomentar o protagonismo das e dos mozos na toma de decisións que afectan a súa contorna.
3. Fomento da emancipación e a inserción laboral: a través de programas de formación, orientación e emprego, contribuír a mellorar a empregabilidade da mocidade, facilitando o seu acceso a un mercado laboral de calidade e promovendo iniciativas de emprendemento xuvenil.
4. Apoio á educación non formal e o lecer educativo: desenvolver programas de educación en valores, formación en habilidades sociais e actividades de lecer e tempo libre, promovendo o acceso a oportunidades de aprendizaxe fóra do ámbito académico formal.
5. Impulso á mobilidade xuvenil: mediante bolsas, intercambios e programas europeos, fomentar a mobilidade das e dos mozos como ferramenta para o desenvolvemento persoal e profesional e para facilitar experiencias internacionais que enriquezan o perfil da mocidade da provincia.
6. Fomento de hábitos de vida saudables e de benestar: Colaborar na promoción da saúde xuvenil, a prevención de condutas de risco e o acceso a servizos de benestar emocional e social.
7. Apoio á cultura, a creatividade e o deporte xuvenil: incentivar iniciativas culturais, artísticas e deportivas dirixidas á xuventude, promovendo a diversidade de expresións e o acceso a recursos culturais e deportivos.

No marco do Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra, estas competencias refórzanse e estruturan en liñas de acción concretas, co obxectivo de consolidar un territorio máis inclusivo, dinámico e adaptado ás necesidades e aspiracións deste colectivo.

A Deputación asume así un compromiso firme co desenvolvemento xuvenil, fomentando políticas innovadoras e sostíbeis que lle permitan á mocidade da provincia alcanzar o seu máximo potencial.



3. METODOLOXÍA

O I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra desenvólvese grazas á participación de diversos axentes implicados de índole administrativa e social. Concretamente, é impulsado polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Para comezar a perfilar o documento, distribuíronse unha serie de enquisas e cuestionarios co obxectivo de obter a maior cantidade de información posible e conseguir unha radiografía ampla do estado actual da mocidade pontevedresa.

Así, os datos recollidos no presente documento obtivéronse a través dos seguintes recursos ou ferramentas froito do proceso participativo que rexeu esta fase:

- Enquisa dirixida a persoas de entre 15 e 34 anos da provincia de Pontevedra, elaborada cunha ferramenta dixital e dividida en diferentes categorías multidisciplinares:

1. Información xeral e sociodemográfica da mostra (xénero, idade, situación laboral e estudantil, lugar de procedencia); 2. Principais preocupacións da mocidade; 3. Participación; 4. Xuventude e medio rural; 5. Xuventude e vivenda; 6. Xuventude e mobilidade; e 7. Conclusións.

- Elaboración dun cuestionario dirixido aos concellos da provincia de Pontevedra co obxectivo de analizar o conxunto de servizos e actividades municipais dirixidos á mocidade, recompilar os recursos e infraestruturas ao servizo das persoas mozas e identificar as necesidades expresadas polo persoal técnico de xuventude en áreas como formación, financiamento e cooperación interadministrativa, entre outras.

En todo este proceso priorizouse a perspectiva de xénero e a clasificación dos municipios como reto demográfico, eixes transversais das políticas de xuventude da Deputación de Pontevedra.

- Elaboración dun cuestionario dirixido aos servizos da Deputación de Pontevedra para recompilar información sobre programas, subvencións e actividades dirixidos á mocidade e dos que esta puidese ser beneficiaria, para identificar as necesidades e propostas expresadas polo persoal técnico de cada área en relación con este colectivo e detectar áreas e grupos de idade desatendidos, así como evitar duplicidades en futuras iniciativas.

Esta estratexia busca establecer un diálogo continuo entre áreas clave para asegurar que as políticas xuvenís sexan consensuadas, coherentes e transversais. A implicación destes departamentos resulta esencial dada a súa relación directa coas necesidades da xuventude.

4. OBXECTIVOS DO PLAN PROVINCIAL DE XUVENTUDE

Obxectivo xeral

Definir o marco estratéxico que guíe as políticas de xuventude da Deputación de Pontevedra durante os próximos anos, abordando as necesidades e carencias detectadas tanto na poboación moza (15-34 anos) como no persoal técnico de xuventude dos municipios. O obxectivo último é transformar a xestión xuvenil provincial co impulso dun modelo proactivo, inclusivo e baseado na evidencia.



Obxectivos específicos

- O.E.1. Desenvolver accións que apoien a xuventude e favorezan a súa emancipación e autonomía.
- O.E.2. Garantir a participación activa das persoas mozas na sociedade, favorecendo a súa implicación nos procesos de decisión, a vida comunitaria e a creación de iniciativas que transformen a súa contorna, e mellorando as canles de comunicación e decisión.
- O.E.3. Promover a colaboración interinstitucional e a xestión do coñecemento sobre a realidade xuvenil para optimizar os recursos e actuacións dirixidas a este colectivo, mediante o apoio técnico e financeiro aos concellos no deseño e implementación de políticas e programas xuvenís.
- O.E.4. Implementar políticas e estratexias para facilitarlles ás mozas e aos mozos o desenvolvemento dun modelo propio de vida no medio rural.
- O.E.5. Impulsar a educación non formal, así como actividades de lecer educativo, mediante o desenvolvemento de programas que supoñan oportunidades de aprendizaxe, complementarias e en paralelo ás que se producen no ámbito académico formal.
- O.E.6. Promover a saúde mental e o benestar emocional mediante o desenvolvemento de programas de prevención, sensibilización e atención psicosocial en colaboración cos servizos de saúde e entidades especializadas.

5. EIXES DE ACTUACIÓN

- 1: Emancipación económica, social e habitacional.
- 2: Participación, comunicación e apoderamento.
- 3: Gobernanza, coordinación interinstitucional e xestión do coñecemento sobre a realidade xuvenil.
- 4: Vida rural e sustentabilidade.
- 5: Educación non formal e lecer alternativo.
- 6: Benestar e saúde mental.

6. PLAN DE ACCIÓN

EIXE 1: Emancipación económica, social e habitacional

1.1

Título da acción	Plataforma dixital para conectar a persoas mozas que busquen compartir piso.
------------------	--



Descrición	Xeración dun portal dixital, xestionado pola Deputación ou concedido a unha empresa externa, que facilite o encontro de persoas mozas que estean en procura de piso compartido.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Espazo web creado. → Núm. de usuarias e usuarios da plataforma. → Núm. de visitas da plataforma.

1.2

Título da acción	Programa de orientación e información xuvenil para o acceso á vivenda.
Descrición	Plan de asesoramento dirixido á xuventude para facilitar o seu acceso ás diferentes axudas e/ou subvencións concedidas por parte das diferentes administracións públicas en materia de vivenda.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de persoas mozas atendidas.

1.3

Título da acción	Liña de subvencións propias destinadas á rehabilitación de vivendas en municipios con problemas de despoboamento.
Descrición	Fomento da rehabilitación de vivendas en municipios con despoboamento por parte das persoas mozas, co fin de usalas para a súa residencia habitual e fomentar así o rural. Estas subvencións están suxeitas ao compromiso de usar a vivenda como domicilio habitual por un período mínimo de cinco anos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Contía das partidas orzamentarias destinadas a esta acción. → Núm. de vivendas rehabilitadas con fondos da Deputación.

1.4



Título da acción	Observatorio Provincial de Vivenda Nova.
Descrición	Creación dunha entidade co fin de aglutinar información precisa e accesible para o público sobre a dispoñibilidade do parque inmobiliario, os prezos que rexen o mercado e as necesidades detectadas en materia de vivenda.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Observatorio constituído. → Núm. de persoas atendidas. → Accións divulgativas levadas a cabo (informes, notas de prensa, eventos...).

1.5

Título da acción	Incentivos fiscais para a adquisición da primeira vivenda en persoas mozas menores de 35 anos.
Descrición	Promover que os concellos aposten por unha rebaixa do IBI na primeira vivenda das persoas mozas mediante a asignación de fondos ou campañas específicas.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Custo económico da medida. → Núm. de concellos que executan a medida. → Núm. de persoas beneficiarias da rebaixa no IBI.

1.6

Título da acción	Obradoiros dirixidos á mocidade en materia de autoconstrución sostible e rehabilitación con materiais locais.
Descrición	Formación adaptada a persoas mozas co fin de poñer sobre a mesa maneiras alternativas de acceder a unha vivenda, como a promoción da autoconstrución ou a rehabilitación de vivendas en mal estado.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros realizados. → Núm. de asistentes aos obradoiros. → Núm. de concellos nos que se ofrecen estes obradoiros.
--	--

1.7

Título da acción	Implementación de programa para facer contactos laborais destinado a mozas e mozos emprendedores.
Descrición	Programa composto de eventos itinerantes onde se potencie o emprendemento xuvenil mediante as relacións sociais, a formación e o apoio en mentores sénior.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de eventos realizados. → Núm. de mozas e mozos que asisten aos eventos. → Núm. de mentores sénior que participan no programa. → Núm. de formacións ofrecidas.

1.8

Título da acción	Apoio á substitución xeracional en pequenas empresas.
Descrición	Impulsar medidas encamiñadas á substitución xeracional en pequenas empresas, con especial énfase nos sectores da agricultura, a gandería e a artesanía.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de medidas impulsadas. → Núm. de persoas beneficiarias. → Fondos mobilizados.

1.9

Título da acción	Escaparate de arte nova na web da Deputación de Pontevedra.
------------------	---



Descrición	Creación dun escaparate inserido na web da Deputación co fin de promover novas e novos artistas da provincia e facilitar a súa contratación por parte de terceiras persoas.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Apartado web creado. → Núm. de artistas que participan. → Núm. de visitas ao apartado web.

EIXE 2: Participación, comunicación e apoderamento

2.1

Título da acción	Nova marca provincial destinada á xuventude.
Descrición	Impulso dunha nova marca corporativa que aglutine, no espazo web da Deputación de Pontevedra e nas redes sociais, toda a información sobre servizos destinados á mocidade e a axenda social: cursos, concertos, e outras actividades dirixidas a esta franxa da poboación.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Deseño do logotipo identificado realizado. → Manual de marca elaborado. → Grao de coñecemento da marca.

2.2

Título da acción	Boletín de actividades dirixidas á xuventude.
Descrición	Creación dun boletín coa axenda de actividades para persoas mozas na provincia de Pontevedra que se poida recibir por correo mediante subscrición na web da Deputación.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de boletíns redactados. → Núm. de mozas e mozos subscritos ao boletín.

2.3

Título da acción	Plan de comunicación do I Plan estratéxico de xuventude da provincia.
------------------	---



Descrición	Elaboración dunha estratexia comunicativa para difundir as distintas actuacións do I Plan estratéxico de xuventude, co obxectivo de promover o coñecemento e a participación das persoas mozas nelas.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Plan de comunicación elaborado. → Núm. de publicacións en redes sociais. → Redes sociais utilizadas. → Alcance das publicacións en redes sociais.

2.4

Título da acción	Creación de canles para a participación xuvenil.
Descrición	Implementación e desenvolvemento de canles dixitais e presenciais co obxectivo de que a xuventude participe directamente na toma de decisións.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de propostas abertas á participación xuvenil. → Núm. de persoas mozas que participan nestes procesos. → Grao de coñecemento por parte da mocidade dos procesos e canles de participación postos á súa disposición.

2.5

Título da acción	Campañas comunicativas do Servizo de Xuventude da Deputación de Pontevedra.
Descrición	Poñer en marcha campañas dixitais periódicas en web e redes sociais para a comunicación das actividades e servizos ofrecidos polo Servizo de Xuventude.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de publicacións en redes sociais. → Redes sociais utilizadas. → Núm. de notas de prensa que distribúen. → Núm. de medios que difunden as notas de prensa e as actividades.



2.6

Título da acción	Módulos de ensino sobre o funcionamento das institucións públicas.
Descrición	Elaboración dun programa educativo dirixido ás persoas mozas da provincia co fin de que coñezan como funcionan as institucións públicas, a división de poderes e as súas competencias para fomentar a participación na vida pública como elemento fundamental dunha democracia plena.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros desenvoltos. → Núm. de persoas beneficiarias.

2.7

Título da acción	Módulos de ensino sobre desinformación.
Descrición	Programa educativo dirixido ás persoas mozas para dotalas de ferramentas que lles permitan identificar e refutar a desinformación, un dos grandes desafíos da sociedade tecnolóxica actual.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros desenvoltos. → Núm. de persoas beneficiarias.

EIXE 3: Gobernanza e coordinación interinstitucional

3.1

Título da acción	Creación do Consello Provincial da Xuventude
Descrición	Creación do Consello Provincial da Xuventude como un espazo participativo para que as mozas e os mozos incidan nas políticas locais, fomentando a súa implicación na toma de decisións e o desenvolvemento comunitario.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Consello Provincial da Xuventude creado. → Núm. de entidades incluídas. → Núm. de mozas e mozos que participan no Consello. → Núm. de reunións anuais do Consello.
--	---

3.2

Título da acción	Formación en materia de xuventude para persoal público.
Descrición	Programa de formación dirixido ao persoal das administracións públicas para capacitalo en materia de políticas e estratexias de xuventude, fortalecendo así o deseño de accións destinadas á participación e ao desenvolvemento integral das e dos mozos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de formacións desenvoltas. → Núm. de persoas beneficiarias dos obradoiros.

3.3

Título da acción	Plan de coordinación interdepartamental para mellorar a eficiencia en políticas e plans de xuventude.
Descrición	Establecemento dun plan de coordinación entre todos os servizos da Deputación de Pontevedra mediante ferramentas de comunicación dixitais (TIC) para a execución e difusión correctas de políticas e plans enfocados na mocidade.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Establécese o plan de coordinación.

3.4

Título da acción	Convocatoria de axudas para financiar proxectos dirixidos á xuventude.
------------------	--



Descrición	Convocatoria anual de axudas económicas aos diferentes concellos, coas que se buscará financiar proxectos de actuación concretos dirixidos a mozas e mozos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Partida orzamentaria mobilizada anualmente. → Núm. de proxectos financiados. → Núm. de concellos beneficiarios.

3.5

Título da acción	Liña de axudas finalistas para a contratación municipal de persoal técnico específico de xuventude.
Descrición	Establecemento de axudas económicas para que os concellos teñan capacidade de contratar persoal técnico de xuventude, impulsando políticas locais que promovan a participación e o desenvolvemento integral das e dos mozos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Partida orzamentaria mobilizada. → Núm. de técnicas e técnicos contratados. → Núm. de concellos beneficiarios.

3.6

Título da acción	Banco de recursos á disposición dos concellos.
Descrición	Creación dun banco de recursos accesible para os municipios, con ferramentas e materiais dispoñibles para solicitar e apoiar iniciativas xuvenís no ámbito local.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de propostas preparadas para que conformen o banco de recursos. → Núm. de materiais elaborados. → Núm. de solicitudes deses materiais por parte de concellos.

3.7



Título da acción	Fomento da participación na revisión do I Plan estratéxico de xuventude.
Descrición	Promoción da participación dos concellos e da mocidade na avaliación periódica deste Plan estratéxico de xuventude.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Enquisa dirixida a mozas e mozos para avaliar a utilidade do I Plan estratéxico de xuventude á finalización deste. → Núm. de persoas participantes na enquisa. → Cuestionario dirixido aos concellos para avaliar a utilidade do I Plan estratéxico de xuventude á finalización deste. → Porcentaxe dos concellos que responden ao cuestionario.

3.8

Título da acción	Integración da perspectiva da igualdade de xénero nos programas e subvencións da Deputación de Pontevedra.
Descrición	Incorporar cláusulas específicas de igualdade en todos os programas e subvencións da Deputación para garantir que as políticas e recursos provinciais promovan a equidade de xénero.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Porcentaxe de programas e subvencións de xuventude que incorporan cláusulas ou criterios de igualdade de xénero.

EIXE 4: Vida rural e sustentabilidade

4.1

Título da acción	Programa rural de emprendemento xuvenil.
------------------	--



Descrición	Execución dun programa rural de emprendemento xuvenil con obradoiros gratuítos para que a poboación moza adquira habilidades empresariais en sectores estratéxicos do medio rural, coma a agricultura ecolóxica, o agroturismo ou as tecnoloxías verdes (solucións a pequena escala de enerxías renovables, sistemas de tratamento de residuos e economía circular ou agricultura de precisión, entre outros).
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros realizados. → Núm. de persoas que asistiron. → Núm. de concellos nos que se ofrecen.

4.2

Título da acción	Festival Cultura Rural Xove.
Descrición	Festival Cultura Rural Xove, de carácter anual, que fomenta a identidade rural a cargo da xuventude local, combinando música, gastronomía e obradoiros artesanais.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Orzamento destinado ao festival. → Núm. de persoas asistentes. → Núm. de obradoiros que se realizan no contexto do festival.

4.3

Título da acción	Programa de conectividade dixital rural.
Descrición	Programa para garantir o acceso a internet de alta velocidade nas zonas rurais e forme as persoas mozas en competencias dixitais para fomentar o teletraballo, o estudo en liña ou o emprendemento no sector.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros realizados. → Núm. de persoas asistentes. → Núm. de concellos nos que se ofrecen.



4.4

Título da acción	Abono mensual de transporte público para a mocidade.
Descrición	Creación dun abono mensual de transporte público “Xuventude Móbil” de prezo reducido para viaxes ilimitadas en autobuses interurbanos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de persoas usuarias do abono.

4.5

Título da acción	Implantación de melloras nas liñas de autobús máis demandadas pola xuventude.
Descrición	Ampliación de horarios e frecuencias nas rutas máis demandadas pola mocidade (desde e cara a Pontevedra, Vigo, Tui, Vilagarcía). Deberíase garantir unha frecuencia de paso de, polo menos, unha hora en municipios medianos durante o día, e a introdución de vehículos adicionais os venres e sábados ata, como mínimo, medianoite.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de rutas melloradas. → Grao de satisfacción do público obxectivo.

4.6

Título da acción	Integración nunha plataforma dixital de información de transporte público.
Descrición	Integración nunha plataforma existente (recoméndase Google Maps) de información clave para o uso do transporte público, como a frecuencia en tempo real, a ocupación dos vehículos e posibles incidencias na rede. Existe a posibilidade de logralo mediante a colaboración con empresas tecnolóxicas locais ou con administracións superiores.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de datos engadidos á plataforma dixital.
--	---

4.7

Título da acción	Liñas exprés de autobuses en eventos xuvenís.
Descrición	Posta en marcha de plans de transporte público durante a realización de eventos xuvenís (festivais, feiras de emprego, competicións deportivas etc.) mediante liñas exprés ou lanzadeiras, cuxo custo pode asociarse ao patrocinio nos devanditos eventos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de eventos ao ano que contaron con liñas exprés. → Núm. de usuarias e usuarios deste servizo.

4.8

Título da acción	Campaña de promoción das melloras no transporte público.
Descrición	Elaboración de campañas que aborden as melloras no transporte público en redes sociais como X, Instagram ou TikTok, ademais de presencialmente en diversos centros educativos da provincia.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de accións en centros educativos. → Núm. de publicacións en redes sociais. → Alcance destas publicacións en redes sociais.

EIXE 5: Educación non formal e lecer alternativo

5.1

Título da acción	Formación xuvenil para o fomento do asociacionismo.
Descrición	Realización de obradoiros dirixidos a mozas e mozos sobre os procesos administrativos para constituír unha asociación (xa sexa deportiva, cultural, de voluntariado...) así como os beneficios de facelo.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros impulsados. → Núm. de asistentes. → Núm. dos concellos nos que se realizaron.
--	--

5.2

Título da acción	Espazos de lecer xuvenil no medio rural.
Descrición	Promoción de espazos de lecer dirixidos a persoas mozas no medio rural, asegurando a infraestrutura e o programa adecuados.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Partidas orzamentarias mobilizadas para promover espazos de lecer para este colectivo. → Núm. de usuarias e usuarios destes espazos. → Núm. de concellos nos que se impulsan os obradoiros.

5.3

Título da acción	Obradoiros musicais dirixidos á xuventude.
Descrición	Fomento de habilidades musicais entre a xuventude da provincia, a través da organización de diferentes obradoiros que os acheguen a esta materia de forma interactiva e entretida.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros impulsados. → Núm. de asistentes. → Núm. de concellos nos que se realizaron.

5.4

Título da acción	Liña de subvencións dirixidas a fomentar a vida cultural por parte da xuventude.
Descrición	Establecemento dunha liña de subvencións para impulsar a vida cultural na provincia, co apoio de iniciativas lideradas por persoas mozas que promovan actividades artísticas, creativas e culturais no ámbito local.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Partida orzamentaria mobilizada. → Núm. de proxectos financiados.
--	---

5.5

Título da acción	Formación xuvenil para a profesionalización en materia de lecer.
Descrición	Formación continua para a obtención do título de monitor/a de tempo libre, coordinador/a de tempo libre ou outras categorías formativas que se establezan.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de participantes.

5.6

Título da acción	Formación xuvenil en materia de igualdade.
Descrición	Establecemento dun programa de formación continua en materia de igualdade efectiva entre homes e mulleres e violencia de xénero en todas as esferas vitais.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de formacións impulsadas. → Núm. de participantes. → Núm. de concellos incorporados ao programa de formación.

5.7

Título da acción	Formación xuvenil en sustentabilidade e consecución da Axenda 2030.
Descrición	Establecemento dun programa de formación continua dirixido a mozas e mozos arredor dos obxectivos de desenvolvemento sostible e as súas metas, así como do coñecemento da Axenda 2030 e a súa consecución desde o punto de vista social, ambiental e económico.



Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de formacións impulsadas. → Núm. de participantes. → Núm. de concellos incorporados ao programa de formación.
--	--

EIXE 6: Benestar e saúde mental

6.1

Título da acción	Campañas de sensibilización e educación en materia de saúde mental.
Descrición	Establecemento de campañas de concienciación e sensibilización en saúde mental que se desenvolverán en centros educativos, asociacións xuvenís e outros espazos comunitarios, co obxectivo de promover hábitos saudables, detectar sinais de alarma e desestigmatizar o debate arredor da saúde mental.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de publicacións en redes sociais. → Núm. de impresións das publicacións en redes sociais. → Núm. de materiais de difusión producidos.

6.2

Título da acción	Integración da saúde mental no currículo escolar.
Descrición	Incorporar a saúde mental no plan formativo escolar mediante un programa que integre charlas e formación ao persoal docente para a detección precoz.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros e formacións producidas. → Núm. de participantes nos obradoiros. → Núm. de concellos nos cales se realizan estes obradoiros.

6.3

Título da acción	Desenvolvemento dun servizo provincial de asistencia psicolóxica.
------------------	---



Descrición	Implantación dun programa de asistencia e apoio psicolóxico dirixido á mocidade, que combine recursos en liña (atención por canles dixitais) e puntos de atención presencial itinerantes por puntos estratéxicos accesibles a mozas e mozos, poñendo especial énfase en zonas rurais con escaseza de recursos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Partida orzamentaria anual achegada ao servizo de apoio psicolóxico. → Núm. de persoas atendidas.

6.4

Título da acción	Programas de lecer saudable e ao aire libre.
Descrición	Establecer programas de lecer saudable que sirvan para financiar actividades diversas, coma o sendeirismo, e que lle permitan á mocidade o contacto coa natureza ou a cohesión comunitaria.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de actividades de lecer saudable impulsadas. → Núm. de participantes nas actividades. → Núm. de concellos nos que se impulsaron as actividades.

6.5

Título da acción	Actividades de información e sensibilización en materia afectivo-sexual.
Descrición	Promoción de iniciativas de concienciación e divulgación sobre temas afectivo-sexuais, a pedimento dos distintos actores xuvenís existentes na provincia (centros de lecer, asociacións xuvenís) para mozas e mozos de 16 a 25 anos.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de obradoiros producidos. → Núm. de participantes. → Núm. de concellos nos que se levaron a cabo estes obradoiros.

6.6



Título da acción	Fomento do deporte entre a xuventude.
Descrición	Realización de cursos de tecnificación deportiva en diversas disciplinas e municipios.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de cursos realizados. → Núm. de participantes.

6.7

Título da acción	Fomento de valores no deporte.
Descrición	Realización de programas específicos para incentivar o respecto, a tolerancia, a diversidade e o compañeirismo no deporte xuvenil (obradoiros, charlas, campañas de comunicación...).
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de accións impulsadas.

6.8

Título da acción	Fomento do uso da bicicleta na xuventude.
Descrición	Potenciar a bicicleta entre as persoas mozas como medio de transformación social, mellora do benestar físico e emocional, e dunha mobilidade activa, saudable e sostible coa contorna. Para iso, realizaranse actividades presenciais e campañas comunicativas.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de accións presenciais impulsadas. → Núm. de asistentes ás accións. → Núm. de publicacións en redes sociais para fomentar o uso da bicicleta.

6.9



Título da acción	Fomento do deporte e o lecer saudable para mozas e mozos en risco de exclusión social ou vulnerabilidade socioeconómica.
Descrición	Desenvolvemento de actividades para a integración de persoas mozas en risco de exclusión social ou vulnerabilidade socioeconómica a través de actividades deportivas e de lecer saudable.
Indicadores de seguimento e avaliación	→ Núm. de actividades deportivas. → Núm. de participantes nas actividades. → Núm. de concellos nos que estas actividades se impulsaron.

7. AVALIACIÓN DO PLAN DE XUVENTUDE

Exponse a necesidade de realizar dous tipos de avaliacións. Nun primeiro lugar, realizarase unha avaliación de seguimento contra a metade do desenvolvemento do presente Plan provincial de xuventude.

O interese desta avaliación intermedia radica na necesidade de detectar posibles desviacións na execución do plan. Do mesmo xeito, preténdese analizar as medidas que se puxeron en marcha ata o momento para mellorar no posible os aspectos que se estimen oportunos para unha implementación máis eficaz.

Para realizar a avaliación de seguimento atenderase aos indicadores que figuran no apartado anterior para cada acción. Tamén, analizarase a implementación das accións desde unha visión territorial, co obxectivo de evitar que haxa áreas da provincia que queden atrasadas ou non se benefician do impulso que supón o citado plan. Unha motivación adicional para esta avaliación intermedia consiste en que se solicitarán datos que servirán de referencia para o segundo tipo de avaliación, a final.

Esta última avaliación desenvolverase ao terminar a vixencia do plan, e supón o primeiro paso na elaboración dunha próxima edición deste. Para levala a cabo contarase cos concellos mediante a aplicación dun cuestionario e coa mocidade da provincia mediante a realización dunha enquisa. As conclusións desta avaliación enviaranse ao Consello Provincial de Xuventude, onde serán debatidas para a elaboración do novo plan.

8. ANEXO I. ANÁLISE DE DATOS PARA A DIAGNOSE DA XUVENTUDE NA PROVINCIA

INTRODUCCIÓN

A xuventude da provincia de Pontevedra enfrenta desafíos significativos e goza de oportunidades únicas nun contexto de transformación social e económica. Esta diagnose ten como obxectivo proporcionar unha visión global e detallada sobre as políticas, iniciativas e percepcións xuvenís no territorio para ofrecer información clave para orientar futuras accións que respondan ás necesidades reais deste colectivo.



O documento organízase en tres seccións:

1. Iniciativas da Deputación de Pontevedra: analízase o impacto dos programas desenvolto polas distintas áreas da Deputación que inciden directamente na xuventude. Esta revisión abrangue aspectos coma o emprego, a educación, a igualdade, a cultura e a sostibilidade, destacando os logros alcanzados e os retos aínda por abordar.
2. Iniciativas dos concellos: preséntase unha análise das accións impulsadas polos municipios, coa avaliación da súa diversidade e alcance. Ponse énfase na importancia de servizos coma as OMIX e na necesidade de promover unha maior coordinación intermunicipal para garantir a equidade nas oportunidades.
3. Análise da enquisa realizada a mozas e mozos: inclúense os resultados dunha consulta directa á poboación xuvenil da provincia, na que se exploran temas esenciais coma o acceso á vivenda, a mobilidade, a relación co medio rural e as expectativas de futuro. Este apartado ofrece unha perspectiva única baseada na experiencia das mozas e mozos.

Este diagnóstico preséntase como unha ferramenta esencial para comprender as dinámicas que lle afectan á xuventude en Pontevedra e para sentar as bases de políticas públicas máis inclusivas, eficaces e orientadas ao desenvolvemento integral deste colectivo.

SERVIZOS DA DEPUTACIÓN

É un factor determinante sinalar como se atopa a xuventude representada, e cal é o enfoque que recibe, nos diferentes servizos da Deputación de Pontevedra. Se se fai unha análise xeral por cada servizo, alcánzanse as seguintes conclusións:

En primeiro lugar, o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, de onde parte este informe, basea o seu funcionamento na execución e desenvolvemento de accións e programas enfocados integralmente na mocidade, cun total de dez programas propostos para este ano 2025. Estes abarcan diferentes iniciativas dirixidas principalmente á poboación moza de menos de 35 anos e, nalgúns casos, enfocadas ás e aos menores de idade, como é o programa “Charlas de saúde”, dirixido a centros educativos públicos de ensino secundario e bacharelato.

Coa información proporcionada, o orzamento total ascendería a algo máis de 758.000 euros, aos que hai que lles sumar outros gastos, coma o prezo de adxudicación do contrato menor relativo ao presente informe ou o custo dos diferentes obradoiros do programa “Pontevedra literaria”.

O Servizo de Deportes ten un enfoque directo na xuventude, destacando as subvencións a deportistas xoves (287 persoas beneficiarias) e escolas deportivas (2.500 participantes). Ademais, refórzase o compromiso coa formación de mulleres novas en roles técnicos dentro do mundo deportivo.



O Servizo de Emprego ten tamén un enfoque claro nas persoas menores de 35 anos; entre as súas accións destacan programas coma “Depoemprende” (para escolares e alumnado de Formación Profesional), así como contratos formativos para recén titulados que buscan facilitar a súa inserción no mercado laboral.

Pola súa banda, os servizos de Cooperación e de Igualdade comparten, así mesmo, un notable enfoque na mocidade. O primeiro ofrece viveiros de empresas e liñas de emprego para moza e mozos con baixa cualificación, mentres que o segundo organiza concursos escolares e campañas de sensibilización en materias relacionadas coas desigualdades de xénero ou as agresións sexuais, dirixidas especificamente á franxa de idade menor a 35 anos.

En contraste, os servizos de Benestar Social e Cultura non contan con accións dirixidas especificamente a persoas mozas, aínda que algunhas das súas actividades poden beneficiar indirectamente a este colectivo (por exemplo, programas culturais como “Máis Música” ou “Lecer en familia”). Por último, o servizo de Medio Ambiente e o Centro Príncipe Felipe céntranse máis en menores de idade, pero non abordan directamente as e os mozos menores de 35 anos.

En resumo, mentres que servizos coma Deportes, Emprego, Cooperación e Igualdade teñen un enfoque claro e activo na xuventude, outros coma Benestar Social, Cultura, Medio Ambiente e o Centro Príncipe Felipe teñen un enfoque máis indirecto ou limitado a menores de idade. De todo isto suxírese que hai oportunidades para ampliar e fortalecer as accións dirixidas a mozas e mozos nalgúns departamentos.

No que se refire aos ámbitos temáticos, atópase unha división notable entre os diferentes servizos. Así, os de Deportes e Cultura céntranse no referente ao lecer e ás actividades recreativas (escolas deportivas, festivais, música etc.). Os servizos de Emprego e Cooperación destacan en formación e emprego (por exemplo, con accións como “Depoemprende” ou os viveiros de empresas). Pola súa banda, os servizos de Benestar Social e de Igualdade abordan aspectos sociais e de sensibilización (lecer en familia, campañas contra agresións sexuais). Por último, cómpre mencionar o Servizo de Medio Ambiente, que combina educación ambiental con prácticas sostíbles (visitas á Finca Mouriscade, bosques terapéuticos etc.).

En canto ao número de persoas beneficiarias, algunhas actividades teñen un alcance masivo, como ocorre coas realizadas polo Servizo de Benestar Social, que acadan un número anual aproximado de 2.350 beneficiarios da actividade “Lecer en familia”, ou coas escolas deportivas que promove o Servizo de Deportes, que aglutinan arredor de 2.500 participantes.

Porén, outras accións, pola súa propia natureza ou rango de alcance, están orientadas a un público limitado: tal é o caso das prácticas de alumnado de último curso de FP ou universitario, no Servizo de Medio Ambiente, ou o caso dos espazos de cotraballo nos viveiros de empresas, que aglutinan entre 5 e 20 persoas beneficiarias cada ano, respectivamente.



Ademais de todos estes datos, ao visualizar as cuestións de interese achegadas polos servizos respecto da problemática actual e necesidades non satisfeitas destes e recursos dirixidos á xuventude, apréciase particularmente a dificultade de chegar ás mozas e aos mozos. Isto acontece, por exemplo, no Servizo de Emprego, ao difundir as súas propias accións, ou en Cultura, onde se expón que hai potencial para facer da mocidade un público posible dos eventos programados.

Algo similar podería dicirse do Centro Príncipe Felipe que, aínda que non expón información no último apartado do cuestionario, obsérvase que as súas accións non concordan completamente cun público xuvenil, polo menos non en todas as súas etapas: dúas delas están destinadas a menores de idade e unha terceira ao público en xeral.

SERVIZOS DOS CONCELLOS

Procédese a continuación a analizar os cuestionarios de servizos e recursos que se destinan á xuventude nos 25 concellos da provincia de Pontevedra dos que hai datos dispoñibles.

Respecto á primeira das cuestións expostas no cuestionario, só constan respostas de 19 dos 25 concellos, e céntranse nas actividades ou servizos dirixidos concretamente á mocidade desenvolto polo propio concello. Analizando as oitenta actividades mencionadas, albíscase que estas están enfocadas notablemente cara ao lecer, a cultura, a formación, a saúde (especialmente a saúde mental) e a participación das persoas mozas. Aínda que en forma e contido sexan diversas, priman os enfoques social, comunitario e de desenvolvemento persoal.

Os obxectivos principais destas actividades son o fomento da participación xuvenil, a promoción de valores aceptados pola maioría da sociedade (coma a igualdade, a sustentabilidade e o fomento de hábitos saudables), a conciliación e o apoio familiar, e o desenvolvemento de habilidades, por exemplo en idiomas ou en ferramentas dixitais ou audiovisuais. Respecto á participación xuvenil, moitas das actividades mostradas procuran a implicación da xuventude na vida comunitaria, especialmente a través do asociacionismo ou iniciativas participativas propias (como exemplo, o Consello Climático Xuvenil desenvolto na Guarda).

No que concirne ao tipo de actividade, 14 contaron con subvención e 66 foron executadas directamente. Estas subvencións proveñen en gran medida da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, cun claro enfoque en temas culturais, educativos e de benestar social. Destaca o caso do Concello da Guarda, único municipio que declarou dúas subvencións provenientes da Unión Europea (Erasmus+ e o Fondo Galego de Cooperación-Fondos europeos).

Respecto ao tipo de persoas beneficiarias, ou o que poderíamos denominar público obxectivo, predominan as idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos, con rangos de idade diferentes segundo a actividade, é dicir, da adolescencia ata a idade adulta temperá. Con todo, a infancia e o público en xeral son tamén respostas repetidas, o que implica que



moitas delas teñen como obxectivo non só atender a mocidade, senón tamén apoiar familias ou xerar un impacto comunitario máis amplo.

Obsérvase, como adición ao comentado, unha diversidade nos segmentos poboacionais segundo o propósito da actividade, e podemos incluso clasificar por subgrupos máis concretos coma o estudantado, as familias ou as mozas e mozos que buscan emprego activamente. Polo outro lado da balanza, algunhas actividades teñen un carácter interxeracional, e integrando a persoas de todas as idades. Nestas, a mocidade conserva un papel central pero téndese a unha visión inclusiva e funcional, especialmente en temas coma o lecer e a cohesión social.

Outro dos factores analizados neste documento é o do número medio de beneficiarias e beneficiarios nas últimas edicións de cada actividade, en caso de que non sexa o primeiro ano que se desenvolven. Este factor ou variable mostra unha escala dispar no impacto que estas tiveron, con cifras que van desde pequenos grupos de sete persoas (clases de teatro en Catoira, por exemplo) ata eventos masivos de 10.000 asistentes (Festival Vikinsons do mesmo municipio).

Aínda que aproximadamente nun terzo das actividades non se especifica o número de persoas beneficiarias, o que si se mostra tende a concentrarse nunha media aproximada de 200-300 persoas por actividade. As actividades máis numerosas adoitan ser festivais ou eventos públicos (como o Mocidade Fest de Baiona), mentres que as de menor afluencia circunscribíense a obradoiros ou cursos especializados.

Respecto ás accións dirixidas á xuventude desenvolvidas polos concellos, chama a atención que ningún está a promover programas de vivenda para este sector da poboación. Tamén destaca a alta presenza de oficinas municipais de información á xuventude (OMIX), presentes en 20 dos 25 concellos (80 %), aínda que só tres deles declaran recibir financiamento externo: Moaña (sen especificar a fonte), Ponte Caldelas (Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra) e Vilanova de Arousa (Xunta de Galicia).

Polo seu lado, o asociacionismo xuvenil é promovido en trece concellos (algo máis da metade), mentres que os doce restantes declaran o contrario. Por último, no que se refire ao transporte público, existe servizo regular en dezaioito concellos, mentres que nos sete restantes non (descoñécese a situación real de Gondomar ao non achegar información, así que de forma preventiva colocouse nos concellos sen transporte regular público).

Coa seguinte parte do cuestionario búscase coñecer as necesidades formativas dos equipos técnicos das áreas de xuventude dos concellos, como o persoal das OMIX, as e os concelleiros de área etc. Como aspectos máis destacados, a saúde (e moi especialmente a saúde mental) é unha das temáticas máis requiridas para organizar formacións, co obxectivo de mellorar a detección neste campo e darlles apoio ás mozas e mozos nun tema tan delicado e en alza.

Tamén se aprecia un interese grande pola formación do persoal en redes sociais e a tecnoloxía en xeral, buscando mediante estas ferramentas conectar dunha forma directa coa



mocidade. Outros temas recorrentes son as formacións en programas europeos, a prevención de condutas coma o acoso ou as adiccións (segundo o seu enfoque podería aglutinarse tamén en saúde), ou a xestión práctica de asuntos coma a vivenda ou o asociacionismo. Algúns concellos, coma o caso de Silleda, declaran que non contan sequera con persoal técnico especializado, o que é un indicativo da desigualdade de recursos entre os municipios.

De todo isto conclúese que o persoal técnico das áreas de xuventude necesita actualizarse desde o punto de vista formativo para estar á altura das demandas desta, aínda que non todos os concellos teñen claras estas demandas. Os que si o teñen claro apuntan a temas actuais e decisivos para a mocidade, coma a citada saúde mental, o auxe da tecnoloxía e os sucesivos cambios arredor desta (véxase o caso da irrupción da intelixencia artificial), ou a orientación laboral.

Finalmente, procédese a analizar o interese dos concellos para organizar mesas de traballo, así como as temáticas que propoñen que nelas se discuta. Tamén engadiremos neste apartado as cuestións de interese que se achegaron. Como ocorre coas necesidades formativas, a saúde mental e a emancipación das e dos mozos (e, xa que logo, o acceso á vivenda) volven ser os temas máis solicitados polos concellos para a creación de mesas de traballo coa Deputación. Tamén sobresaen a participación xuvenil e o asociacionismo, o mundo rural ou os programas europeos. Respecto ás cuestións de interese, destacan comentarios acerca da falta de participación xuvenil e a súa relación co lecer e o asociacionismo, así como a falta de financiamento ou a escaseza de recursos. Tras realizar unha lectura das achegas realizadas, conclúese tamén que existe unha sensación ampla de que traballar con persoas mozas está subestimado.

Análise da cuestión de xénero

A continuación, procédese a facer unha análise en cuestión de xénero en relación coa información exposta nos concellos. Así, atópase que só dúas actividades das oitenta que temos presente (o 2,5 %), abordan de forma explícita a igualdade de xénero: falamos da Escola Feminista da Mocidade, de Pontevedra, cuxa actividade é a formación en xénero para previr as violencias machistas, dirixida ás mozas e mozos de entre 15 e 35 anos, o que implica un alcance amplo; e os Obradoiros de Educación Afectivo-Sexual do Concello de Tomiño, cos que se busca a educación sexual sa e responsables con implicacións de xénero.

Ambas as actividades son, polo tanto, de carácter formativo, e procuran o apoderamento e a prevención. Outras actividades, como “Deseñando a miña sexualidade”, que se executa en Gondomar, potencialmente recollen xestións relacionadas indirectamente (saúde sexual, autonomía persoal), pero sen especificar.

En relación coas necesidades de formación do persoal técnico dos concellos, só o de Mos menciona de forma explícita a necesidade de previr e detectar a violencia de xénero na mocidade, así como o acoso en xeral. Non se atopa ningunha outra referencia á cuestión de xénero, o que reflicte unha baixa priorización xeral ou que xa existe persoal suficiente para abordala, e xa que logo non se materializa en necesidade. Ademais, ao consultar as propostas temáticas expostas polos concellos para crear mesas de traballo, sumando outras cuestións de interese que poidan ter, vemos soamente dous casos que gardan relación



directa coa igualdade de xénero: Gondomar, que amosa interese en abordar as novas formas de violencia dixital, entre as que se atopan de forma clara violencias por razón de xénero, e Silleda, que menciona explicitamente a palabra igualdade como elemento sobre o que se ten interese en formar. Aínda que non se poida especificar ou afondar nestas respostas, a violencia dixital ou o ciberacoso, que é a súa expresión máis coñecida, aféctalles dunha maneira desproporcionada e sistemática ás mulleres. Aínda que, como reiteramos, non hai suficiente concreción no documento.

En xeral, o encaixe da igualdade de xénero nas respostas ofrecidas polos concellos abórdase dunha forma xeneralista, sen poderse apreciar unha priorización en actividades ou políticas que vaian destinadas a este tema.

Análise diferenciada sobre a variable de municipios de reto demográfico

Seguindo o esquema de análise por preguntas do cuestionario, respecto ás actividades expostas dirixidas á xuventude polos concellos, atópase que os quince municipios de reto demográfico (Barro, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, A Lama, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Mondariz-Balneario, Pontecesures, Portas, Salceda de Caselas, Sanxenxo, Silleda, Tomiño e Vilanova de Arousa) achegan 54 das 80 citadas actividades (máis de dous terzos), cun enfoque predominante operativo, das que 41 son de execución directa, fronte a 13 que foron financiadas externamente mediante subvencións.

Respecto á terceira das preguntas, en relación ás actividades dirixidas á xuventude levadas a cabo polo concello, así como do seu financiamento, só en catro municipios dos quince que son de reto demográfico se formalizou un programa de atención municipal á mocidade, o que supón arredor dunha cuarta parte deste tipo de municipios. Dos concellos que non pertencen a esta categoría, a porcentaxe sobe á metade, con 5 de 10 que formalizaron o devandito plan.


En canto á promoción do asociacionismo xuvenil, algo central no que a políticas de xuventude se refire, obsérvase un maior involucramento nos municipios que non son de reto demográfico respecto dos que si o son. Arredor do 70 % dos municipios da primeira categoría (non de reto demográfico) levan a cabo accións para que as persoas mozas se xunten e formen asociacións, mentres que na categoría de reto demográfico faino menos da metade dos concellos.

ENQUISA Á XUVENTUDE

1. Datos xerais e sociodemográficos da mostra

Gráfico 1: Mostra da enquisa por xénero






Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Dunha mostra de 2.205 persoas enquisadas (aínda que foron 1.765 as persoas que completaron ata a última pregunta), o 66,7% son de xénero feminino, un total de 1.471. En canto ao xénero masculino, representa o 32% da mostra, con 706 respostas.

Por último, un 1,3% do total, o equivalente a 28 persoas, identifícase doutra forma non correspondente á categoría binaria tradicional.



Gráfico 2: Mostra da enquisa por idade




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A mostra recollida neste caso é de 2.394 persoas, divididas en catro rangos de cinco anos de idade, desde os 15 ata os 34. O grupo de idade máis numeroso é o que vai dos 15 aos 19 anos, con ata 802 persoas (algo máis dun terzo do total da mostra), seguido polo de 30 a 34 anos con 591 (24,7%). Os rangos de 20 a 24 anos, con 375 (15,7%), e de 25 a 29 anos, con 426 (17,8%), completan a distribución, o que reflicte unha maior concentración nos extremos da mostra.



Gráfico 3: Mostra da enquisa por situación actual




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

No tocante á situación estudiantil-laboral, a mostra ascende a 2.372 persoas, distribuídas en cinco categorías segundo a súa realidade nesta variable. Neste sentido, a maioría das persoas enquisadas atópase actualmente estudando (1.090, o que supón case un 46% do total da mostra). A esta franxa séguelle a de persoas que traballan (670, un 28%); a de persoas que compatibilizan traballo e estudo (286, un 12%); a continuación, as que están a buscar emprego (122, un 5%); e, finalmente, as que nin traballan nin estudan no momento de realizar a enquisa (24, un 1%).

Polo tanto, a maior parte das persoas enquisadas está enfocada en estudar, ben como única responsabilidade, ben combinando os seus estudos cun traballo. Unha proporción pequena resulta dos que buscan emprego ou non realiza ningunha destas accións.



Gráfico 4: Mostra da enquisa segundo o lugar de empadramento



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


Entre as 2.192 persoas que conforman a mostra, a inmensa maioría declara residir no mesmo lugar en que está empadroadá, isto é, máis do 85% das respostas (concretamente, 1.880). Menos do 15% restante declara vivir noutro municipio do que figura no seu padrón.

2. Preocupacións da xuventude

Como é habitual nas enquisas que se enfocan a xerar información sobre un colectivo en particular e coñecer a súa situación, preguntóuselle ás mozas e mozos participantes sobre as súas preocupacións.



Gráfico 5: Principais preocupacións da xuventude



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


En sentido global, podemos destacar que a principal preocupación das persoas mozas na provincia de Pontevedra é a vivenda. O 69% das respostas á enquisa afirma que a vivenda lles preocupa “moito”. A porcentaxe alcanza o 91% cando lle sumamos as respostas menos absolutas, as das persoas que son as que elixiron a opción “bastante”.

As dúas preocupacións que acompañan a vivenda e que preocupan tamén a un 91% da mocidade son a saúde mental, por unha banda, e o emprego e condicións laborais, pola outra. En cuarto e quinto lugar aparecen as cuestións do medio natural/cambio climático e a desigualdade/discriminación por motivos de xénero, económicos...

Prodúcense cambios significativos ao diferenciar as respostas en función do xénero da persoa que responde. De maneira xeral, podemos dicir que as mulleres novas están máis preocupadas que os homes. Os valores de preocupación para cada unha das opcións son máis altos nas mulleres.




Gráfico 6: Principais preocupacións da mocidade (por xénero)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Gráfico 7: Principais preocupacións da mocidade (por xénero)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Ao separarmos a información en función do xénero, vemos que en ambos os casos as tres principais preocupacións se manteñen. Con todo, alterase a orde de importancia que lle dan. Nos homes a principal preocupación é o emprego; nas mulleres, pola contra, o problema que sitúan en primeiro lugar é a saúde mental. Tamén no caso delas se dispara a preocupación pola discriminación e as desigualdades (91%), o que supón máis de 20 puntos porcentuais por encima do que lles preocupa esta materia aos homes (70%)

De atendermos aos datos segundo a franxa de idade de quen responde, tamén obtemos diferenzas significativas. A franxa de idade que vai desde os 15 aos 19 anos expresa unha menor preocupación pola maioría dos temas, mentres que as outras tres franxas comparten a súa visión sobre os problemas sociais con lixeiras variacións.




Gráfico 8: Principais preocupacións da mocidade (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra .




Gráfico 9: Principais preocupacións da mocidade (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.




Gráfico 10: Principais preocupacións da mocidade (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Gráfico 11: Principais preocupacións da mocidade (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


Para a franxa máis nova de idade, aínda nunha etapa de formación educativa e profesional en moitos casos, a maior preocupación está na saúde mental. Pola contra, as outras tres franxas de idade manifestan maior preocupación polas cuestións materiais coma o emprego e a vivenda.

As mesmas diferenzas podémolas atopar ao diferenciar entre as respostas de quen se atopa traballando e quen está estudando. A mocidade traballadora ten maior preocupación por cuestións materiais se atendemos ás respostas que elixían a opción “moito”, destacando a vivenda (81%) e as condicións laborais (71%).

Esta última preocupación é moi significativa debido a que se albisca que a maioría das e dos mozos que están a traballar non consideran resolta a necesidade laboral. Isto pode darse tanto pola falta de estabilidade laboral, o medo para perder o emprego ou a diferenza entre a capacidade de gasto e o custo de vida.




Gráfico 12: Principais preocupacións da mocidade (por situación actual)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Gráfico 13: Principais preocupacións da mocidade (por situación actual)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A xuventude estudante, pola súa banda, comparte preocupacións coa traballadora, aínda que prioriza, ademais da vivenda, outras cuestións sociais coma as distintas desigualdades (48%), a saúde mental (55%)e o cambio climático (46%).

Finalmente, se atendemos aos resultados da enquisa en función de se se habita ou non en zonas rurais, podemos apreciar algunhas diferenzas:




Gráfico 14: Principais preocupacións da mocidade (vivindo en zona rural)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Gráfico 15: Principais preocupacións da mocidade (que non vive en zona rural)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Se sumamos as respostas “bastante” e “moito” para a categoría de emancipación e posibilidade de formar unha familia, observamos que a mocidade que habita en zonas rurais ten unha menor preocupación respecto diso en comparación coa urbana, o 78% fronte ao 84%, respectivamente.

Pola contra, a xuventude rural da provincia de Pontevedra ten unha maior preocupación que a urbana en dúas cuestións. A primeira sería a do consumo de drogas e outras condutas de risco. Sería a preocupación dun 73% da do rural fronte ao 66% da urbana. A segunda trátase do impacto da tecnoloxía e a saúde dixital, o 74% fronte ao 69%.



3. Xuventude e participación


A continuación analízanse datos referidos á relación da xuventude da provincia de Pontevedra con respecto ás iniciativas de participación xuvenil, impulsadas tanto por administracións públicas coma polas entidades privadas que conforman o tecido asociativo das distintas localidades.

3.1. Participación en iniciativas públicas

3.1.1. Obstáculos á participación

Preguntouse sobre as posibles xustificacións ante a baixa participación nas iniciativas públicas orientadas á mocidade. Expóñense unha serie de opcións que poderían resultar obstáculos á participación.

Gráfico 16: Percepción sobre a baixa participación nas accións promovidas polas administracións públicas



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



A simple vista pódese observar o principal escollo para conseguir que as iniciativas públicas xuvenís cheguen ao seu público obxectivo. Destacan dúas opcións que teñen moita relación entre si.


Por unha banda, temos a opción de non participar por non coñeceren as iniciativas. Un 47% das respostas apuntan a esta causa. Doutra banda, atopámonos con que un 51% das respostas á enquisa afirma que unha posible causa da falta de participación sería que a información acerca destas iniciativas é pouco clara ou difícil de atopar.

Queda patente que existe un problema de comunicación por parte das administracións públicas na súa tarefa de lle facer chegar á xuventude as políticas que impulsan para o seu beneficio. Cómpre reformular as ferramentas utilizadas para a difusión de actividades, para acudir a aquelas nas que está presente a mocidade no seu día a día, adaptando tamén a linguaxe.

Ao analizar os datos por xénero, vemos que se trata dun consenso o feito de que o problema principal é a comunicación correcta para coñecer as accións impulsadas. As dúas opcións que teñen que ver co coñecemento das actividades (descoñecemento das iniciativas e información pouco clara) obteñen, no caso das mulleres, un 47% e 54%, mentres que no caso dos homes obtense un 48% e 45%, respectivamente.




Gráfico 17: Percepción sobre a baixa participación nas accións promovidas polas administracións públicas (por xénero)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra



Gráfico 18: Percepción sobre a baixa participación nas accións promovidas polas administracións públicas (por xénero)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


Outra diferenza relevante entre xéneros é que o 24% dos homes novos consideran pouco interesantes as actividades impulsadas polas administracións públicas. É un aspecto que nas mulleres dáse na metade dos casos (12%).

Por iso, resultaría positivo realizar unha revisión das actividades impulsadas a distintos niveis para analizar que se podería modificar para atraer máis o interese desta franxa da poboación.

Diferenciando as respostas por tramo de idade, deducimos que as dúas opcións mencionadas ao principio, descoñecemento das iniciativas e dificultade para acceder á información, son unha constante nos catro tramos de idade.




Gráfico 19: Percepción sobre a baixa participación nas accións promovidas polas administracións públicas (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Gráfico 20: Percepción sobre a baixa participación nas accións promovidas polas administracións públicas (por idade)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

O que si se altera é a importancia que se lle dá a un ou outro obstáculo. A menor idade, máis respostas sinalan que non coñecen as iniciativas que se impulsaron. Ao contrario, conforme se pertence a unha franxa de máis idade, máis peso tería a opción de que a información é pouco clara ou difícil de atopar.

Tamén é decrecente o desinterese polas iniciativas impulsadas polas institucións públicas. Son os máis novos, as e os pertencentes á franxa de 15 a 19 anos, quen máis respostas ofrecen manifestando desinterese polas actividades dirixidas a elas e eles (21%).

Nas demais franxas van diminuindo as respostas que apuntan nesa liña, 18% e 14% respectivamente, ata chegar á franxa que vai desde os 30 aos 34 anos, na que só mencionan o desinterese nun 10% dos casos.

Atendendo aos datos segundo a situación con respecto a estudos ou emprego, atopamos diferenzas similares. O 92% das persoas situadas nas dúas primeiras franxas de idade atópanse estudando, sendo ademais a primeira franxa, de 15 a 19 anos, a máis numerosa en respostas. Non sorprende entón que nos atopemos cunha repartición similar en canto ao peso de cada obstáculo, se comparamos os datos das persoas entre 15 e 19 anos cos datos




de quen se encontra estudando. O mesmo ocorre se comparamos as demais franxas cos resultados agrupados de quen está traballando, traballando e estudando á vez ou en busca activa de emprego.

A análise diferenciada segundo o lugar de residencia non deixa diferenzas salientables. En todo caso pódese comentar que o obstáculo do descoñecemento das actividades dispoñibles é maior no caso das e dos mozos que viven nos municipios urbanos máis poboados, Pontevedra e Vigo.

3.1.2 Tipos de iniciativas desexadas

En canto ás preferencias sobre o contido das actividades para realizar, obtivéronse uns datos que visibilizan a existencia na xuventude duns intereses moi variados.

Gráfico 21: Preferencias sobre o contido das actividades



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

As posibles accións que xeran máis interese serían as relacionadas con actividades culturais ou artísticas e as de lecer e tempo libre. Ambas foron seleccionadas nun 59%. Tamén teñen fortes apoios as iniciativas relacionadas con promover o acceso á vivenda, as actividades deportivas e os programas de saúde mental e benestar, cun 51%, 49% e 48%, respectivamente. Estas preferencias teñen diferenzas moi significativas cando as revisamos en función do xénero.

O 57% dos mozos varóns preferiría que as actividades dirixidas á participación xuvenil tivesen relación co deporte e de vida saudable, xa que é a opción máis apoiada por eles.



Esta mesma opción nas mozas queda bastante afastada, cun 46% do apoio. Haberían outras catro preferencias, antes que as actividades deportivas, que estarían por diante para elas.

A principal preferencia temática para elas é a das actividades culturais e artísticas (65% de apoio). Con independencia do xénero, a opción menos solicitada sería a de espazos de consulta e toma de decisións sobre as iniciativas levadas a cabo, 14% en homes e 16% en mulleres.

Por franxa de idade, canto menor sexa esta máis apoio reciben as actividades relacionadas con actividades deportivas, así como a reivindicación de espazos físicos dedicados á mocidade.

Estas dúas cuestións reducen o seu apoio conforme se vai subindo a idade de maneira que a última franxa, de 30 a 34 anos, priorizaría as actividades culturais e artísticas (65% das persoas desta franxa), ademais das relacionadas co acceso á vivenda (58%), mentres que a reivindicación de espazos propios para a xuventude baixa do 46% que ten entre as e os mozos de entre 15 e 19 anos fronte ao só 26% do apoio nas persoas de 30 a 34 anos.

As mesmas diferenzas prodúcense ao atender aos datos segundo o estado laboral e estudantil da persoa que responde. Os e as estudantes teñen maior interese deportivo e de espazos físicos mentres que as persoas mozas que traballan, estudan e traballan ao mesmo tempo ou se atopan en procura activa de emprego optan por iniciativas culturais e de acceso á vivenda, en maior medida.

Se se revisan os resultados por lugar de residencia, tanto se se utiliza a diferenza entre dúas categorías, rural-urbano, ou se se utilizan as catro posibilidades ofrecidas na pregunta sobre o lugar de residencia, temos datos parecidos na maioría de categorías. A excepción é que nas zonas máis rurais se apoian en moita maior medida as iniciativas relacionadas co medio rural.

As actividades en relación co acceso á vivenda son máis solicitadas por parte da xuventude que habita en Pontevedra e Vigo que a das localidades consideradas como zonas pouco poboadas.

Neste apartado permitíase a achega de respostas abertas para que se expresase, verbo disto, calquera idea que non quedase recollida coas opcións ofrecidas. Entre as achegas destácanse as seguintes:

- Petición de iniciativas e espazos dirixidos a persoas con algún tipo de discapacidade e que sexan partícipes destas.
- Incluír nas actividades que leven a cabo tradución a linguaxe de signos.
- Impulsar a substitución xeracional nas asociacións veciñais.
- Fomento de deportes minoritarios.
- Concertos orientados ao público novo.
- Premios ou concursos de escultura, pintura e debuxo.
- Novos lugares de socialización á marxe dos espazos comerciais.



- Campañas de comunicación sobre as subvencións ás que teña acceso a poboación nova.
- Locais de ensaio para grupos e bandas musicais.
- Sensibilización para mulleres novas sobre como actuar en caso de sufrir acoso sexista.
- Un espazo dixital que congregate todos os servizos dispoñibles para a mocidade en materia social, cultural e deportiva, que lles sirva como punto de encontro.
- Impulso de laboratorios de innovación xuvenil co asesoramento de mentoras e mentores expertos.
- Obradoiros de intelixencia emocional e servizos de apoio psicolóxico.
- Programas de networking de mozos emprendedores.

En definitiva, recolléronse unhas 398 propostas abertas por parte das e dos mozos que responderon á enquisa. Os temas máis recorrentes foron os que propoñían accións en materia formativo-laboral, sobre saúde mental e para fomentar o desenvolvemento de actividades culturais.


3.2. Participación no tecido asociativo

3.2.1. Participación en asociacións

Neste aspecto comezouse preguntándolle á mocidade se participan ou non nalgún tipo de asociación cidadá, co seguinte resultado:



Gráfico 22: Grao de participación en asociacións



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Obtemos así que un 27% das mozas e mozos da provincia de Pontevedra participa dalgunha maneira en entidades do tecido asociativo, mentres que o 73% permanece á marxe. Son as mesmas porcentaxes que obtemos se revisamos os datos segundo o xénero, polo que podemos concluír que non hai diferenzas no impulso para iniciar unha asociación ou sumarse a unha xa constituída.

Tampouco atopamos diferenzas en función de se se pertence a poboacións de áreas rurais ou contornas urbanas con respecto á participación en entidades cidadás.

Por idade si que atopamos diferenzas. O dato de participación nalgunha asociación para a franxa de idade máis nova, de 15 a 19 anos, é moito menor, 19%. Na franxa de 20 a 24 anos coincide cos datos globais, cun 27% de participación.

Na idade de 25 a 29 xa atopamos unha subida maior, ata chegar ao 30% de participación. Finalmente, a franxa de máis idade, de 30 a 34 anos, alcanza os datos máis elevados cun 36%. Vemos, por tanto, que existe unha maior predisposición a adherirse a algunha asociación cidadá a unha maior idade.




A situación da xuventude con respecto a emprego e estudos si presenta diferenzas. As mozas e mozos que se dedican en exclusiva a estudar, involúcranse en menor medida no asociacionismo. A mocidade que se atopa noutras situacións participa máis en entidades cidadás. En concreto, quen está traballando participan nun 35% neste tipo de organizacións.

Sorprendente resulta tamén o dato para a parte da xuventude que traballa e estuda ao mesmo tempo, xa que, a pesar de ser quen menos tempo libre debe ter, máis participa en asociacións: un 39% das respostas deste grupo afirma facelo.

Tendo unha idea xeral de en que medida se participa ou non en asociacións segundo diversas características deste colectivo, pasamos a comprobar se a quen non está a participar en ningunha gustaríalle facelo no futuro.

Gráfico 23: Grao de interese en participar en asociacións no futuro



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


O 60% da mocidade que non participa en ningunha asociación tería o desexo de facelo, mentres que o 40% restante non o faría. Aínda que non había diferenza por xénero sobre a pertenza a asociacións, si que podemos atopar diferenzas sobre o desexo de facelo no futuro. Elas mostran unha maior disposición a introducirse en organizacións cidadás, o 66% fronte ao 47% das persoas mozas.



A mesma dinámica que atopamos segundo a idade: as persoas máis novas, entre 15 e 19 anos, terían a motivación de participar nun 52%, mentres que a franxa de máis idade, de 30 a 34, móstrase máis disposta, cun 65%. Como a franxa de menor idade é estudante nun 96%, non sorprende que se reproduza a mesma diferenza se atendemos aos datos segundo a súa situación de estudo ou traballo, sendo a mocidade estudante na que as e os mozos estudantes son os menos dispostos a sumarse a asociacións mentres as e os que traballan mostran maior disposición. Tamén se observa que as persoas que non forman parte de asociacións, pero que lles gustaría facelo, danse en maior número nas poboacións rurais.

Se nos preocupamos por descubrir cales son os motivos que afastan á mocidade das contornas e organizacións que implican participación cidadá, atopamos dous motivos moi destacados.

Gráfico 24: Motivos polos que non se participa en asociacións actualmente



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


En primeiro lugar estaría a falta de tempo, a opción elixida por un 55% das e dos mozos e, en segundo lugar, o descoñecemento de entidades que resulten de interese para estas persoas, cun 49% das respostas. Non se aprecian diferenzas significativas (máis de 5% nun sentido ou noutro) segundo as diversas características da mocidade neste respecto. Entendemos que se trata de obstáculos transversais.

Por unha banda, a falta de tempo como obstáculo ao asociacionismo deixa pouca marxe de actuación para as administracións públicas. É a outra cuestión, o descoñecemento de asociacións que resulten de interese, onde máis se pode intervir desde o público tanto apoiando o impulso de novas entidades cívicas de diversas maneiras coma traballando nunha estratexia de comunicación para que se coñezan as entidades existentes e as actividades que realizan.

Que tipo de entidades poden atraer o interese de quen non participa en ningunha actualmente? As respostas ofrecidas pola mocidade mediante a enquisa realizada mostra dous tipos de asociación claramente favoritos.



Gráfico 25: Motivos polos que non se participa en asociacións actualmente



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra

As asociacións culturais, especialmente relacionadas coa expresión artística e musical, constitúen a opción máis demandada, cun 39% de apoio. En segundo lugar aparecen as asociacións que realicen actividades de voluntariado, cun 30%. Atopamos con baixa demanda os movementos veciñais, 7%, o que non sorprende pola falta de remuda xeracional nestas entidades, e as relacionadas coa vivenda, que, a pesar de ser un dos problemas máis destacados pola xuventude, non se demanda especialmente participar en asociacións relacionadas con esta temática, só un 5%. Estes intereses mantéñense relativamente estables con independencia de se atendemos ás mozas e mozos de centros urbanos ou contornas rurais.

Atendendo aos datos por xénero, as mulleres manteñen as dúas prioridades xa mencionadas, asociacións culturais e de voluntariado, mentres que os homes que non participan en ningunha entidade priorizarían as culturais, 46%, deixando o voluntariado nunha posición máis discreta, o 16%.


Se ademais cruzamos estes datos coa variable idade, vemos que son as mulleres máis novas, da franxa de entre 15 e 19 anos, quen demanda en maior medida a posibilidade de involucrarse en actividades de voluntariado, o 51%, mentres que a opción cultural sería a segunda prioridade, cun 25%. Doutra banda, os homes novos de maior idade, da franxa de entre 30 e 34 anos, son os que se centran na demanda de entidades culturais, 59%, mentres que as iniciativas de voluntariado reciben un apoio marxinal do 8 %, a cuarta opción para este grupo demográfico.

3.2.2. Iniciativas para impulsar o asociacionismo

Ante a pregunta sobre que poden facer as administracións para promover o asociacionismo entre a mocidade, non se ten un consenso claro entre as respostas recibidas, polo que resulta a pregunta con maior variedade.



Gráfico 26: Opinión sobre a promoción do asociacionismo entre a xuventude por parte das administracións públicas



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A opción que destaca lixeiramente por encima das demais é a de facilitar recursos e espazos para a realización de actividades por parte das entidades cidadás. Séguenlle o ofrecemento de subvencións e a visibilización mediante a difusión en medios dixitais, o que se relaciona co problema de comunicación que xa detectamos acerca das iniciativas existentes. As respostas están tan distribuídas entre as distintas opcións ofrecidas que non se atopan moitas diferenzas ao introducir as distintas variables polas que estamos segregando a información. A excepción podería ser que os homes novos priorizan en maior medida a facilitación de espazos e recursos. É a opción elixida nun 27% das respostas correspondentes a homes.

Tamén aquí se permitía, mediante pregunta de resposta aberta, que a mocidade expresase outras cuestións que non se tiveron en conta no formulario respondido. Destacamos as seguintes achegas:

- É importante visibilizar as iniciativas mediante redes sociais e acudir a aquelas nas que está máis presentes o público obxectivo.
- É importante apoiar a continuidade do persoal das asociacións.



- Difundir as actividades para público xuvenil a través dos centros educativos, promovendo actividades alí mesmo.
- É necesario impulsar un servizo técnico administrativo-legal de asesoramento para impulsar o asociacionismo.
- Crear unha plataforma dixital gamificada onde a mocidade poida crear, unirse e xestionar asociacións.
- Establecer canles de comunicación permanentemente abertas entre institucións e entidades cidadás xuvenís.

4. Xuventude e medio rural


a. Residencia no mundo rural

De maneira xeral, o **46%** das persoas enquisadas afirmou residir en zonas rurais, mentres que, en áreas urbanas, o **54%**. Este balance amosa a importancia do medio rural como lugar de residencia para unha parte significativa da xuventude de Pontevedra, á vez que evidencia unha lixeira preferencia polas contornas urbanas. O desagregado por xénero reflicte diferenzas relevantes:

- O **49%** das mulleres vive en zonas rurais.
- No caso dos homes, esta porcentaxe é do **42%**.

Estas cifras poderían estar relacionadas con roles familiares tradicionais ou coa participación das mulleres en actividades específicas do medio rural. Doutra banda, a menor porcentaxe entre os homes podería reflectir unha maior tendencia cara á mobilidade laboral urbana. A análise por idade evidencia cambios significativos nos padróns de residencia:

Gráfico 27: Porcentaxe de mozas e mozos que viven nunha zona rural, por franxas de idade




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



- **De 15 a 19 anos:** o 54% vive en zonas rurais, posiblemente debido á dependencia das súas familias.
- **De 20 a 24 anos:** a porcentaxe descende ao 44%, o que podería explicarse pola migración cara a contornas urbanas para estudos ou emprego.
- **De 25 a 29 anos:** só o 39% reside en zonas rurais, destacando esta etapa como crítica no abandono do medio rural.
- **De 30 a 34 anos:** rexístrase un lixeiro aumento, co 44% vivindo novamente en zonas rurais, probablemente ligado a decisións relacionadas con estabilidade laboral ou familiar.

Estes resultados subliñan como a migración cara a áreas urbanas se intensifica na primeira xuventude, mentres que algúns grupos optan por regresar en busca de maior calidade de vida ou arraigamento. A situación educativa ou laboral tamén inflúe na residencia:

Gráfico 28: Porcentaxe de mozas e mozos que viven nunha zona rural, por situación actual




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

- **Estudiantes:** o 52% vive en zonas rurais, o que podería estar relacionado coa permanencia na contorna familiar ou coa accesibilidade a centros educativos locais.
- **Traballadores:** só o 42% reside en zonas rurais, o que indica unha concentración de oportunidades laborais en áreas urbanas.
- **Traballadores-estudantes:** este grupo mostra unha porcentaxe menor (36%) de residencia rural, probablemente debido á necesidade de equilibrar responsabilidades en contornas urbanas.
- **Buscan emprego:** o 48% de quen está en procura activa de emprego reside en zonas rurais, o que pon de relevo a importancia de mellorar as oportunidades laborais nestas contornas.

A continuación preguntouse acerca dos motivos polos cales a poboación moza de zonas rurais elixe quedar ou volver a este tipo de localidades. De maneira xeral, as respostas indican que as principais motivacións para residir ou regresar ao medio rural están relacionadas coa calidade de vida, a contorna familiar e as oportunidades laborais ou educativas. Entre as persoas enquisadas:



Gráfico 29: Razóns ofrecidas pola xuventude para quedar ou volver ao mundo rural



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

As dúas opcións que máis destacan son, por unha banda, a proximidade á familia, que sería a motivación principal cun 69% das respostas, e, doutra banda, o 53% destacou a calidade de vida como o factor máis importante. Cabe mencionar tamén que aparece como razón relevante o acceso á natureza co 36% das respostas.

Estes resultados evidencian unha percepción positiva do medio rural, especialmente en termos de benestar e relacións sociais. Tamén se pode considerar que a proximidade á familia ten connotacións económicas polas dificultades existentes para a emancipación e o problemático que parece o acceso á vivenda, segundo os datos que xa se expoñían ao principio desta análise.


A análise por xénero non amosa variacións relevantes nas motivacións:

- Mulleres: calidade de vida (52%), familia (69%), natureza (35%), custo de vida máis baixo (27%), traballo ou estudos (15%).
- Homes: calidade de vida (55%), familia (71%), natureza (36%), custo de vida máis baixo (23%), traballo ou estudos (14%).

Os tramos de idade si reflicten diferenzas nas motivacións:



Gráfico 30: Razóns ofrecidas pola xuventude para quedar ou volver ao mundo rural (por franxas de idade)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Esta desagregación evidencia como as prioridades cambian coa idade, desde unha dependencia familiar nos máis novos ata unha procura de estabilidade e calidade de vida nas etapas posteriores.

A situación ocupacional ou educativa tamén inflúe significativamente nas motivacións:

Gráfico 31: Razóns ofrecidas pola xuventude para quedar ou volver ao mundo rural (por situación actual)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


A calidade de vida e as relacións familiares emerxen como os factores predominantes, especialmente entre as mulleres e as persoas maiores de 30 anos, mentres que as oportunidades laborais ou educativas teñen maior peso entre os homes e os mozos adultos.



Tamén, ás persoas que responderon que habitaban contornas rurais preguntóuselles por se pensan mudarse a unha zona urbana e o posible motivo disto.

Globalmente obtéñense os seguintes resultados:

Gráfico 32: Porcentaxe de mozas e mozos que, vivindo en zona rural, pensan mudarse a unha zona urbana, e motivos



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

De maneira xeral, as respostas amosan unha clara tendencia cara á permanencia en zonas rurais. Os resultados reflicten que máis da metade das persoas enquisadas están satisfeitas coa súa residencia actual no medio rural, mentres que o traballo, os estudos e a dispoñibilidade de servizos son as principais razóns para considerar un traslado a zonas urbanas.

Neste aspecto tampouco se atopan variacións significativas en función do xénero. En ambos os casos os motivos para irse obteñen apoios similares con variacións inferiores ao 5%. Ademais, priorizan vivir na contorna rural en proporcións similares (52% de mulleres fronte ao 51% de homes).

Os tramos de idade, pola contra, si que volven amosar diferenzas significativas nas motivacións para trasladarse:

- De 15 a 19 anos:



- Non, gústame vivir aquí: 46%
 - Si, por traballo ou estudos: 38%
 - Disponibilidade de servizos básicos: 4%
- De 20 a 24 anos:
 - Non, gústame vivir aquí: 38%
 - Si, por traballo ou estudos: 37%
 - Disponibilidade de servizos básicos: 9%
- De 25 a 29 anos:
 - Non, gústame vivir aquí: 55%
 - Si, por traballo ou estudos: 25%
 - Disponibilidade de servizos básicos: 5%
- De 30 a 34 anos:
 - Non, gústame vivir aquí: 74%
 - Si, por traballo ou estudos: 10%
 - Disponibilidade de servizos básicos: 5%

A situación ocupacional ou educativa tamén inflúe en boa medida, como se pode ver a continuación:

- Buscando emprego:
 - Non, gústame vivir aquí: 56%
 - Si, por traballo ou estudos: 23%
- Estudantes:
 - Non, gústame vivir aquí: 44%
 - Si, por traballo ou estudos: 39%
- Traballadores:
 - Non, gústame vivir aquí: 67%
 - Si, por traballo ou estudos: 12%


Esta desagregación pon de relevo que as persoas que buscan emprego ou están en etapa formativa consideran as zonas urbanas principalmente polas oportunidades laborais e educativas, mentres que quen xa traballa valora aspectos funcionais coma os servizos.

Como parte da análise da relación da xuventude da provincia de Pontevedra co medio rural, incluíuse a pregunta: "Gustaríache vivir nunha zona rural?". Os resultados globais ofrecen un panorama dividido pero con importantes oportunidades de intervención.

De maneira xeral, o 42% das e dos enquisados seleccionou a opción "Talvez", evidenciando unha postura indecisa cara á posibilidade de residir nunha contorna rural. Un 28% manifestou interese afirmativo cun "Si", mentres que o 30% respondeu negativamente. Esta distribución amosa que, aínda que existe un grupo significativo que valora a vida rural, as dúbidas e as percepcións negativas seguen sendo predominantes en certos segmentos da mocidade.



Gráfico 33: Porcentaxe de mozas e mozos aos que lles gustaría vivir nunha zona rural



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

O grupo indeciso, que constitúe a maior proporción (42%), expón un reto e unha oportunidade. As razóns detrás desta vacilación poderían estar relacionadas cunha percepción limitada das vantaxes do medio rural ou con preocupacións prácticas, coma o acceso a servizos e oportunidades laborais. Este segmento podería ser influenciado mediante estratexias de comunicación que destaquen os beneficios da vida rural e contrarresten as barreiras percibidas.

Pola súa banda, o **28%** que respondeu afirmativamente representa unha poboación que valora atributos coma a tranquilidade, a conexión coa natureza e o custo de vida máis accesible.

Este grupo inclúe principalmente a persoas maiores de 25 anos, especialmente aquelas que traballan ou combinan traballo e estudos. Isto suxire que a estabilidade laboral e familiar, xunto cunha vida menos acelerada, son motivacións clave para quen ve a vida rural como unha opción atractiva.

En contraste, o **30%** que elixiu "Non" reflicte unha tendencia cara ao rexeitamento, especialmente entre a franxa de idade máis nova (de 15 a 19 anos) e aqueles que non traballan nin estudan. Para estes grupos, a vida urbana parece ofrecer maiores oportunidades educativas, laborais e de lecer, elementos que consideran esenciais nesta etapa das súas vidas.



Aínda que as diferenzas entre xéneros son sutís neste ámbito, obsérvase que as mulleres amosan maior indecisión, cun **42%** que responde "Talvez", mentres que os homes teñen unha porcentaxe lixeiramente superior de respostas afirmativas (30%). Estas variacións poden estar influenciadas por factores sociais e culturais que afectan a percepción das oportunidades dispoñibles no medio rural.

A análise por tramos de idade destaca que as e os mozos de 15 a 19 anos son os máis propensos a rexeitar a vida rural (36% "Non"), mentres que os adultos de 30 a 34 anos mostran a maior inclinación a responder afirmativamente (34% "Si").

Este cambio pode atribuírse á evolución das prioridades coa idade, desde a procura de oportunidades educativas e laborais ata a valoración da estabilidade e a calidade de vida.

Por outra banda, as persoas enquisadas que combinan traballo e estudo teñen a maior proporción de respostas afirmativas (37% "Si"), o que reflicte que perciben a vida rural como compatible coas súas responsabilidades. En contraste, quen non traballa nin estuda rexistran a maior porcentaxe de respostas negativas (71% "Non"), o que suxire unha percepción de falta de oportunidades no medio rural.

A alta proporción de respostas "Talvez" sinala a necesidade de estratexias que impulsen unha percepción positiva do medio rural. É, xa que logo, unha oportunidade para aproveitar.


O remedio para iso pasa por mellorar o acceso a servizos básicos, fortalecer as oportunidades laborais e educativas e destacar os beneficios da vida rural poderían ser enfoques clave para atraer tanto a indecisos como a quen expresou dúbidas.

Motivos principais de rexeitamento

Entre quen respondeu negativamente, os motivos máis relevantes foron os seguintes:



Gráfico 34: Motivos polos que ás mozas e aos mozos non lles gustaría vivir nunha zona rural




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Estes resultados evidencian que as preocupacións sobre a calidade dos servizos e as oportunidades inflúen directamente na decisión de rexeitar a vida rural. Ademais, a preferencia pola cidade destaca a valoración das comodidades e opcións que ofrece a contorna urbana.

A análise das respostas segundo o xénero amosa diferenzas significativas nas prioridades:




Gráfico 35: Motivos polos que ás mozas e aos mozos non lles gustaría vivir nunha zona rural (por xénero)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Destácase unha maior dependencia do transporte público por parte das mulleres novas con respecto á súa contraparte masculina, así como unha maior necesidade de espazos de lecer e actividades que se axusten aos seus intereses. Segundo a idade, os datos reflicten cambios nas percepcións e prioridades:

Gráfico 36: Motivos polos que ás mozas e aos mozos non lles gustaría vivir nunha zona rural (por idade)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A situación actual das persoas enquisadas tamén inflúe na súa percepción:




Gráfico 37: Motivos polos que ás mozas e mozos non lles gustaría vivir nunha zona rural (por situación actual)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A análise das respostas á pregunta "Que che impide vivir actualmente nunha zona rural ou que necesitarías para convencerte?" revela varios factores que inflúen significativamente nas decisións das e dos enquisados. Os resultados globais amosan que as principais barreiras identificadas son:

Gráfico 38: Motivos que impiden vivir nunha zona rural ou necesidades para facelo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

O factor máis destacado, cun 61%, relaciónase co acceso ao traballo ou os estudos. Isto reflicte a percepción de que as oportunidades laborais e educativas son limitadas nas zonas rurais, o que dificulta a transición cara a este tipo de contornas.



O 46% das persoas enquisadas sinalou o transporte como un obstáculo importante, destacando a necesidade de opcións máis accesibles e eficientes para conectarse con outras áreas. Doutra banda, a vivenda tamén representa unha barreira significativa (47%), xa sexa pola falta de dispoñibilidade ou polas dificultades para acceder a unha propiedade nestas áreas.

A carencia de servizos esenciais coma atención médica, colexios e bancos foi mencionada por un 35% das e dos enquisados. Ademais, a falta de opcións de lecer tamén afecta negativamente a percepción das zonas rurais, cun 35 % identificando este factor como clave.

A conectividade, cun 28 %, sinala a importancia de mellorar o acceso a internet e a cobertura móbil para facer as zonas rurais máis atractivas. Por último, aínda que menos relevante en termos porcentuais (9%), o emprendemento resalta como unha área onde podería haber oportunidades se se implementan incentivos adecuados.

a. Iniciativas para fomentar a vida rural para a xuventude

Unha vez máis, permitíase que as mozas e os mozos propuxesen libremente o que quixesen, neste caso ligado a medidas que consideren que se deben levar a cabo por parte das institucións públicas para que a mocidade elixa a vida rural. Recibíronse moitas respostas. Destacamos a continuación as máis relevantes:

- Mellorar a accesibilidade á vivenda con axudas económicas ou incentivos fiscais para mozas e mozos que desexen establecerse en zonas rurais.
- Incrementar as oportunidades de emprego mediante o desenvolvemento de proxectos locais e o apoio a pequenas empresas no ámbito rural.
- Ofrecer subvencións e formación específica para fomentar o emprendemento en sectores clave da contorna rural.
- Ampliar e mellorar a rede de transporte público entre zonas rurais e urbanas para facilitar a mobilidade.
- Asegurar unha conectividade dixital adecuada, con acceso a internet de alta velocidade e cobertura móbil.
- Promover o acceso a servizos básicos como atención médica, centros educativos e bancos nas zonas rurais.
- Diseñar programas de lecer e actividades culturais que sexan atractivas para a mocidade.
- Impulsar campañas de sensibilización que destaquen os beneficios e oportunidades da contorna rural.
- Crear espazos de encontro e convivencia, como centros comunitarios, para fortalecer os lazos sociais.
- Introducir políticas específicas para o desenvolvemento sostible que combinen economía, ecoloxía e benestar social.
- Establecer programas de formación dual vinculados a necesidades da contorna rural, integrando teoría e práctica.



- Apoiar a agricultura e gandería local con incentivos que permitan unha transición cara a prácticas máis sostíbles.
- Incrementar as bolsas e axudas para estudantes de áreas rurais que busquen formarse sen necesidade de mudarse.
- Realizar melloras en infraestruturas como camiños, estradas e acceso a auga potable nas aldeas.
- Xerar acordos interadministrativos para coordinar accións que beneficien as zonas rurais de forma integral.

5. Xuventude e vivenda


5.1. Relación coa propiedade da vivenda

A vivenda destaca entre os problemas que a propia xuventude sitúa como prioritarios segundo os datos obtidos por medio da enquisa que impulsou a Deputación de Pontevedra. Para comezar a análise verbo disto, comezamos polo máis básico: a tenencia ou non dunha vivenda en propiedade.

A resposta obtida de forma maioritaria foi o "non", no 86 % das respostas. Unha ampla maioría das e dos enquisados non posúe unha vivenda en propiedade. Non resulta un dato sorprendente se temos en conta a preocupación que manifesta a mocidade con respecto ao problema da vivenda.

Preguntouse, tamén, a ese pequeno segmento da xuventude que posúe vivenda, se vive nela. En relación con isto obtívose unha resposta afirmativa no 86 % dos casos. Polo tanto, podemos concluír que, aínda que poucos posúen vivenda propia, a maioría de quen a ten vive nela. As persoas mozas que aínda tendo vivenda non viven nela ofreceron os seguintes motivos:

Gráfico 39: Motivos polos que as mozas e os mozos con vivenda non viven nela



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.



Preséntanse razóns diversas, varias delas ao mesmo nivel, aínda que non é significativo debido a que se trata dun suposto pouco habitual e a pregunta sobre os motivos polos cales non se vive na vivenda só foi respondida por 36 persoas.

Sobre a propiedade ou non dunha vivenda non se aprecian diferenzas significativas en materia de xénero. O acceso a esta é igualmente complicado con independencia desta variable. A principal diferenza dáse ao empregar as variables de idade ou de situación laboral/estudiantil. Aínda que se trata dun problema transversal, observamos como as persoas mozas de máis idade e que están a traballar teñen vivenda propia en maior proporción.


Como exemplo paradigmático mencionamos que o tramo que abarca desde os 30 aos 34 anos respondeu que ten unha vivenda nun 25% dos casos. Trátase dun 9% máis que a cifra global; con todo, resulta preocupante que a esta idade, especialmente nos casos nos que ademais se ten emprego, os datos sobre propiedade de vivenda sigan sendo tan baixos.

A nivel territorial, onde se concentra esta parte da mocidade que ten ao redor dun 9-10% máis de acceso a vivenda é especialmente nos concellos de Pontevedra e Vigo. Ademais, tamén se dá nalgúns concellos rurais pero de forma desigual.

A todas esas persoas que afirmaron non ter unha vivenda en propiedade preguntóuselles, tamén, se algunha vez tentaran acceder a comprar unha vivenda ou a alugala. Obtivéronse moitas respostas en ambos os sentidos.



Gráfico 40: Porcentaxe de mozas e mozos sen vivenda en propiedade que tentaron acceder á compra ou ao alugueiro de vivenda




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Un 46% afirma tentar acceder a unha vivenda, xa fose mediante compra ou alugueiro, mentres que un 54% aínda non o fixo. Para profundar neses intentos frustrados de ter unha vivenda propia preguntáselles sobre as dificultades que puideron atopar no proceso.



Gráfico 41: Principais dificultades que lle impiden á xuventude acceder a unha compra ou alugueiro de vivenda



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Ofrecíanse varias opcións como pode verse; non obstante, o resultado é esmagador. O elevado prezo da vivenda preséntase como o principal obstáculo co que se atoparon. É a opción marcada polo 65% das respostas.

Aparece como a segunda resposta máis frecuente o exceso de requisitos para poder acceder á vivenda (avais, contrato estable, ingresos mínimos etc.), opción marcada polo 14%.

O elevado prezo da vivenda como obstáculo para acceder a esta é un consenso que atravesas todas as variables nas que nos estamos fixando. Idade, xénero, tipo de poboación na que vive a persoa... Baixo todas estas variables aparece a cuestión do prezo como obstáculo en máis dun 60 % das respostas.

Como matices pódense comentar dúas cuestións adicionais. En primeiro lugar, para os máis novos a consideración de que as ofertas son pouco atractivas, polo estado da vivenda ou calquera outra cuestión, valóranos no dobre dos casos con respecto á proporción global. En segundo lugar, as respostas de mozas e mozos que viven nos concellos de Vigo ou Pontevedra sitúan o problema do prezo nun 71%, dando a entender que é un asunto destacado nas contornas urbanas.

5.2. Medidas para facilitar o acceso á vivenda

Chegados a este punto, queda claro que a cuestión da vivenda é un problema fundamental que debe terse en conta nas políticas dirixidas á mocidade que impulsen as institucións públicas. Por iso, ofrecéuselles ás mozas e aos mozos dentro da enquisa unha serie de



opcións sobre posibles factores que facilitan o acceso a unha vivenda, para que declarasen cales lles parecían relevantes. Obtívose o seguinte resultado:

- Axudas ao alugueiro, compra de primeira vivenda e reforma (68%).
- Bonificacións fiscais para a compra de vivenda (38%).
- Promoción de vivenda pública para a xuventude (61%).
- Facilitar o acceso a hipotecas (con condicións especiais para a xuventude) (53%).
- Programa de rehabilitación de vivendas baleiras (53%).

En xeral, parece que todas as medidas contan cun certo grao de apoio por parte da mocidade. As axudas financeiras (alugueiro, compra ou reforma) e a promoción de vivenda pública son as solucións máis demandadas.

Doutra banda, programas como a rehabilitación de vivendas baleiras tamén xogan un papel importante na percepción das persoas enquisadas sobre posibles melloras no acceso á vivenda.

Alén das cinco posibles medidas que se introduciron no cuestionario, permitiuse, do mesmo xeito que noutros apartados, expresar respostas abertas sobre medidas e inquietudes con respecto á vivenda. A continuación, ofrecemos unha listaxe con algunhas das achegas máis relevantes ou que máis se repetían:

- Control de prezos de alugueiro. Proponse limitar os prezos dos alugueiros en lugar de ofrecer axudas directas ao pago, beneficiando os propietarios que aluguen vivendas baleiras a prezos económicos.
- Vivendas alcanzables para mozas e mozos. A mocidade demanda vivendas con prezos máis baixos que permitan a súa independencia, xa que os prezos actuais fan preferible vivir cos pais.
- Regulación do mercado de aluguer. Regular os prezos do alugueiro considérase a mellor solución para facilitar o acceso.
- Custo de vida elevado. Sínálase que é difícil manter unha boa calidade de vida debido aos altos custos básicos, deixando pouca marxe para aforrar ou investir en vivenda.
- Imposibilidade de acceder á propiedade. Moitas e moitos expresan que ven case imposible ter acceso a unha vivenda en propiedade.
- Especulación inmobiliaria. Críticase a especulación do mercado, con alugueiros desproporcionados e vivendas baleiras esperando ser rendibilizadas no turismo.
- Regulación de vivendas baleiras e prezos insostibles. A regulación de vivendas baleiras e dos prezos de aluguer é considerada urxente, xa que non se constrúen novas casas a prezos razoables.
- Falta de oportunidades laborais. Mozos con altas cualificacións académicas non atopan traballo adecuado e ven inviable expoñerse a comprar unha vivenda.
- Autonomía económica. Máis alá das axudas, reclámase que os salarios sexan suficientes para ter unha vivenda digna e unha boa calidade de vida.




- Acceso limitado por custos asociados. Menciónase que para comprar unha vivenda se require polo menos o 10% do valor como aforro inicial, algo inalcanzable para quen destina a maior parte do seu soldo a alugueiro e gastos básicos.
- Necesidade de apoio para mozas e mozos. Aínda que algúns non buscan acceder a unha vivenda de inmediato pola súa idade, consideran esencial que existan programas de axuda que faciliten o acceso no futuro.

6. Xuventude e mobilidade

6.1. Relación co transporte público

Para comezar a análise sobre a mobilidade en relación á mocidade empezamos preguntándolles ás mozas e aos mozos sobre como cualificarían o servizo de transporte do seu concello. As respostas recibidas expresan o seguinte:

Gráfico 42: Cualificación da xuventude cara ao transporte público regular do seu concello



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

A maioría das persoas enquisadas, un 36%, cualifica o servizo como "regular", co que entendemos que, aínda que non sexa percibido como desastroso, tampouco satisfai completamente as necesidades de mobilidade para elas e eles.

Con todo, a suma das cualificacións negativas ("malo" e "moi malo") alcanza un preocupante 41%, o que reflicte unha insatisfacción significativa con aspectos clave coma a puntualidade, a frecuencia e a cobertura. Só un 24% o cualifica de maneira positiva ("bo" e "moi bo"), o que demostra que, aínda que existen elementos apreciados, estes non son suficientes para contrarrestar a percepción xeral negativa.

A percepción negativa supón un reflexo de problemas estruturais. O 41% que cualifica o servizo como malo ou moi malo evidencia que o transporte público enfrota retos importantes, relacionados con:

- Escasa utilidade das rutas ou conexións (46%).
- Malos horarios (24%).
- Servizo pouco fiable (11%).



Esta percepción pode estar directamente vinculada a un deseño que non se adapta adecuadamente ás necesidades de mobilidade actuais da xuventude. Ademais, detectamos que un 17% argumenta, como motivo para non usar o transporte público, a preferencia polo transporte privado. A parte positiva é que só o 2% di non utilizar o transporte público por considerar alto o prezo. Ao diferenciar por xénero, observamos que o argumento de preferir o transporte privado é máis común nos homes que nas mulleres.

A pesar da percepción maioritariamente negativa, o **36%** que cualifica o servizo como "regular" representa unha oportunidade. Este grupo podería cambiar a unha percepción positiva se se implementan melloras nos aspectos clave sinalados. O **24%** que o cualifica como "bo" ou "moi bo" demostra que existen certos aspectos valorados por unha minoría, o que podería servir como base para reforzar a confianza no sistema.

As percepcións negativas non só inflúen na baixa utilización do transporte público, senón que tamén afectan o acceso da xuventude a actividades educativas, culturais e de lecer. As dificultades de transporte poden fomentar unha dependencia excesiva do coche privado, limitando as opcións de mobilidade para quen non ten acceso a este medio.

Gráfico 43: Grao de uso do transporte público regular por parte da mocidade



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Ademais, dous terzos da mocidade afirma utilizar ocasionalmente, varias veces por semana ou a diario, o transporte público. Por iso, resulta urxente a procura de solucións mediante



medidas que aliñen as políticas de mobilidade cos intereses e as capacidades das e dos mozos.


A utilización do transporte público non ten diferenzas por xénero a pesar dos estudos realizados a outros niveis, que establecen un maior uso deste por parte das mulleres. Isto pode indicar que, cunha serie de melloras, as mulleres empregarían en maior medida este tipo de mobilidade. Tamén se produce unha lóxica maior distribución das respostas que afirman usar o transporte público nas franxas máis novas da poboación, xa que, a maior idade máis posible ou necesario resulta ter un vehículo propio.

Outro motivo que reforza a necesidade de implementar melloras radica no feito de que o 75% das respostas á enquisa afirma que estaría en disposición de usar máis a miúdo o transporte público se se mellorasen as condicións. Desta porcentaxe conclúese que, de implementar melloras, non só aumentaría o uso por parte de quen xa se move en transporte público, senón que atraerá a este tipo de mobilidade a persoas que se desprazan actualmente en vehículo privado.

Finalmente, e para engadir un último argumento que reforza o exposto, preguntouse se se consideraba que a falta dun transporte público de calidade era un factor que inflúe á hora de participar en actividades destinadas a público mozo como as que se expuxeron noutros apartados desta análise:



Gráfico 44: Porcentaxe de mozas e mozos aos que a falta de transporte público de calidade inflúe na súa decisión de participar en actividades



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.


O 70% da mocidade considera que un ineficaz transporte público ten unha influencia maior ou menor na súa capacidade de participar en actividades formativas, de lecer, deportivas...

6.2. Iniciativas para mellorar os servizos de mobilidade

Ofrecéronse unha serie de posibles aspectos nos que o transporte público podería mellorar para que a mocidade da provincia puidese destacar as que, ao seu parecer, fosen prioritarias:



Gráfico 45: Principais melloras no transporte público regular requiridas pola xuventude



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa realizada pola Deputación de Pontevedra.

Atopamos varias propostas con bastante apoio. A maior necesidade de mellora parece ser o aumento da frecuencia en liñas rurais nas que pasan poucos autobuses ao día. Con todo, tamén se reforza a idea do aumento das rutas e o establecemento de mellores horarios.

Engádense, mediante a opción “outra”, as respostas abertas que se quixeron ofrecer por parte dalgunhas das persoas que responderon á enquisa. A maioría delas dedícanse a especificar que consideran necesarias máis dunha mellora ou todas as ofrecidas ao mesmo tempo.

O único que parece non ser un problema é a cuestión do prezo do transporte público, que só foi sinalado como a prioridade para o 8 % das respostas.

CONCLUSIÓN

Coa análise realizada sobre a xuventude na provincia de Pontevedra preténdese ofrecer unha visión integral sobre os servizos existentes, as preocupacións máis relevantes e as dinámicas relacionadas coa súa participación, vivenda, mobilidade e conexión co medio rural. Esta información será tomada de base para a elaboración do novo Plan provincial de xuventude da Deputación de Pontevedra. A continuación, preséntase unha análise detallada e inclusiva dos aspectos clave.

Servizos da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra é unha institución clave á hora de deseñar políticas dirixidas á xuventude. Os esforzos levados a cabo repercuten en áreas esenciais como a formación, o emprego, a cultura e o deporte, xerando oportunidades para as persoas mozas en diferentes ámbitos da súa vida.



Programas coma as bolsas de formación e as iniciativas culturais permiten superar algunhas barreiras económicas e promover o desenvolvemento integral das e dos mozos. Ademais, as diferentes actividades deportivas e eventos culturais contribuíron a fortalecer o tecido social, así como a fomentar a participación comunitaria.

Con todo, a análise evidencia carencias significativas en temas coma a vivenda, a mobilidade e a saúde mental. Estas cuestións, aínda que non son competencias exclusivas da Deputación, requiren dun enfoque transversal que permita abordar as preocupacións prioritarias da mocidade de maneira coordinada e efectiva.

Servizos dos concellos

Os concellos, como administracións máis próximas ás mozas e aos mozos, desempeñan un papel esencial na provisión de servizos que aborden as súas necesidades inmediatas. As oficinas municipais de información xuvenil (OMIX) convertéronse nun recurso indispensable, ofrecendo orientación en áreas clave como formación, emprego, cultura e lecer.

A pesar da súa importancia, a presente análise sinala algunhas desigualdades significativas na calidade e dispoñibilidade dos servizos ofrecidos polos concellos. Isto quere dicir, por exemplo, que mentres que algúns municipios contan con programas innovadores e ben estruturados, outros enfrontan limitacións orzamentarias que restrinxen a súa capacidade de resposta, afectándolles especialmente ás zonas rurais.

Faise necesaria, por tanto, a implementación de mecanismos de cooperación intermunicipal, e un maior apoio da Deputación para garantir unha distribución equitativa de recursos que beneficie a todas as persoas mozas, independentemente do seu lugar de residencia.

Preocupacións da xuventude

As preocupacións expresadas reflicten os desafíos estruturais que enfronta este colectivo. O acceso á vivenda é unha das cuestións máis críticas. As dificultades económicas, os prezos elevados do alugueiro e a falta dunha oferta suficiente de vivenda pública dificultan a emancipación das mozas e dos mozos e limitan a súa capacidade de construír proxectos de vida autónomos.

A estabilidade laboral é outro tema recorrente. A precariedade, os baixos salarios e a temporalidade xeran unha sensación de inseguridade que limita as oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional. Nas zonas rurais, a escaseza de emprego local intensifica esta problemática, deixando a moitas persoas mozas sen alternativas laborais viables.

A saúde mental tamén emerxe como unha preocupación prioritaria. A xuventude demanda recursos accesibles que lle permitan xestionar os retos emocionais e psicolóxicos que



enfrenta. A falta de programas preventivos e de sensibilización neste ámbito agrava a sensación de desprotección.

Xuventude e participación

A participación na vida pública e comunitaria é un dos aspectos máis críticos identificados no diagnóstico. A pesar do seu interese por actividades culturais, sociais e recreativas, os niveis de implicación das mozas e dos mozos en procesos organizados, como asociacións ou consultas públicas, seguen sendo baixos.

Esta desconexión ten múltiples causas, entre as que destacan a falta de espazos accesibles para a participación, a percepción de que as súas opinións non son tomadas en conta e a escasa visibilidade dos procesos de toma de decisións.

As persoas mozas senten que as institucións non facilitan suficientemente a súa implicación activa nin crean condicións que incentiven a súa participación. Isto resulta especialmente preocupante nas zonas rurais, onde as oportunidades de asociacionismo e actividades comunitarias son máis limitadas, xerando unha maior sensación de illamento.

Fortalecer a participación xuvenil require un enfoque integral que combine a creación de espazos de consulta e debate co apoio a asociacións lideradas por mozas e mozos. As institucións deben traballar para garantir que estas iniciativas non só existan, senón que sexan visibles, accesibles e estean aliñadas coas expectativas e realidades da deste colectivo. Isto implica tamén desenvolver ferramentas dixitais e canles de comunicación modernas que conecten de maneira efectiva ás persoas mozas coas administracións públicas.

Xuventude e medio rural

O vínculo entre a xuventude e o medio rural está marcado por unha combinación de potencialidades e desafíos. Moitas mozas e mozos valoran a tranquilidade, a proximidade á natureza e a calidade de vida que ofrece a contorna rural. Con todo, estas vantaxes non son suficientes para compensar as carencias en emprego, infraestrutura e servizos básicos que afectan a estas zonas.

A falta de oportunidades laborais adecuadas é unha das barreiras máis significativas. Os sectores produtivos rurais tradicionais, coma a agricultura e a gandería, presentan unha baixa capacidade para atraer a mocidade debido á falta de innovación e á percepción de seren opcións pouco rendibles. Doutra banda, sectores emerxentes coma o turismo rural ou a sustentabilidade ambiental teñen un gran potencial, pero requiren investimentos que fomenten o seu desenvolvemento e que inclúan as persoas mozas nestes procesos.

O acceso a servizos como transporte, educación e sanidade tamén é un factor determinante. A insuficiencia nestas áreas xera desigualdades entre quen reside en zonas rurais e urbanas, o que limita o arraigamento xuvenil nas primeiras. Políticas que fortalezan a conectividade e garantan un acceso equitativo a servizos esenciais son imprescindibles para fomentar a revitalización do medio rural desde un enfoque inclusivo e sostible.



Xuventude e vivenda

O acceso á vivenda preséntase como unha das principais preocupacións das mozas e dos mozos na provincia de Pontevedra. Esta problemática afecta de maneira transversal a todas e todos eles, independentemente da súa situación socioeconómica ou lugar de residencia.

As dificultades económicas, agravadas pola precariedade laboral e os baixos salarios, dificultan o acceso ao alugueiro ou á compra dunha vivenda. Nas áreas urbanas, os altos prezos do mercado inmobiliario supoñen un obstáculo insalvable para moitas e moitos mozos. Mentres tanto, nas zonas rurais, a oferta limitada e a falta de vivenda rehabilitada reducen as opcións dispoñibles.

As persoas mozas expresan unha demanda clara de políticas públicas que faciliten a súa emancipación e acceso a unha vivenda digna. Entre as medidas máis valoradas destacan as axudas ao alugueiro, especialmente en sectores vulnerables, e os programas de vivenda pública que combinen novos desenvolvementos coa rehabilitación de inmobles en desuso. Así mesmo, a creación de incentivos para que accedan a vivendas no medio rural podería fomentar tanto o seu arraigamento como a revitalización destas áreas.

Un enfoque integral neste ámbito non só melloraría a calidade de vida da mocidade, senón que tamén contribuiría a reducir as desigualdades sociais e económicas, favorecendo un desenvolvemento máis equilibrado na provincia.

Xuventude e mobilidade

A mobilidade preséntase como un desafío crítico para este colectivo, especialmente para quen reside en zonas rurais. A falta de transporte público eficiente e accesible limita as oportunidades das persoas mozas para acceder a emprego, formación e actividades culturais, incrementando a sensación de illamento.

Nas zonas rurais, a escaseza de rutas de transporte e a frecuencia insuficiente dos servizos afectan de maneira desproporcionada ás persoas mozas, obrigándoas a depender de medios privados, o que xera desigualdades económicas e xeográficas.

O diagnóstico destaca a necesidade de políticas que melloren a conectividade dentro da provincia, incluíndo un incremento na frecuencia dos servizos de transporte público, a ampliación de rutas e a adaptación dos horarios ás necesidades das e dos mozos. Ademais, é imprescindible fomentar o uso de medios de transporte sostibles, como bicicletas e vehículos compartidos, para promover unha mobilidade inclusiva e respectuosa co medio”.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, que se proceda á súa publicación no BOPPO, na Sede electrónica e na páxina web da Deputación de Pontevedra.



11.8522.- **PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE
NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA
DEPUTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS
(EXPTE. 2025069426)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/gly7iYxagU9wP30Qed22p3rRqLPMT5vn6FVFYSPiOXHB5Pqh>

Dada conta dos últimos cambios de deputadas/os con motivo das renuncias efectuadas.

Resultando que en sesión de 4 de agosto de 2023 aprobouse Moción da Presidencia sobre nomeamento da representantes da Deputación en órganos colexiados, polo que agora procede modificala debido a substitución producida.

Considerando que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados de conformidade co disposto no art. 58.c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP, e coas abstencións do PSdeG-PSOE e BNG, aprobar a seguinte proposición da Presidencia:

Designar representantes da Deputación Provincial de Pontevedra nos Organismos que seguidamente se relacionan aos Deputadas/os seguintes:

COMISIÓN AUTONÓMICA DE TRÁFICO E SEGURIDADE DA CIRCULACIÓN	Belén Cachafeiro Anta
COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA	Belén Cachafeiro Anta
COMITÉ CAMELIA DE GALICIA	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero
COMITÉ PROVINCIAL DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	Paula Bouzós Barros



CONSELLO PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS	Titular: Paula Bouzós Barros Suplente: María Ramallo Vázquez
CONSELLO REITOR AXENCIA TURISMO DE GALICIA	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Paula Bouzós Barros
MESA SEGURIDADE DO CAMIÑO	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Javier Tourís Romero
XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	Belén Cachafeiro Anta
GDR-13 CONDADO-PARADANTA	Juan Pablo Castillo Amigo

12.8523.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA ÁS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DAS COTIZACIÓNS SOCIAIS DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS POR PARTE DO GOBERNO DE ESPAÑA PARA O ANO 2026 (EXPTE. 2025069714)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/33vC8sOcwLZgYxlDaynuiU9iWWRFCA96pSWkU4IrQx73NQSP>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ás propostas de modificación das cotizacións sociais dos traballadores autónomos por parte do Goberno de España para o ano 2026.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones do Goberno de España vén de facer unha proposta para incrementar de xeito brutal as cotizacións sociais dos traballadores autónomos de cara ao ano 2026



consistente en subas de entre o 4% e o 35% que suporían entre 17 e 206 euros mensuais máis para estes pequenos empresarios.

Dita medida xerou o absoluto rexeitamento por parte dos 3,5 millóns de traballadores por conta propia que hai en España, que expresaron o seu malestar por esta nova suba de carácter fiscal a través das súas asociacións e representantes. Así, a Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos (ATA) calificouna de desproporcionada e de medida de asfixia para o sector, semellando buscar a súa desaparición e rematar co emprendemento en España.

Desde o Partido Popular concordamos plenamente con esta postura e cremos que o Goberno de España debería apostar por incrementar a protección social dos autónomos e crear as condicións que favorezan o seu traballo e pervivencia no canto de recurrir a eles para aumentar a recadación e os ingresos do Estado co propósito de tapar o recorrente despilfarro que fai desde a principal administración do Estado.

Esta proposta inicial tamén atopou a oposición de colectivos da nosa provincia de Pontevedra, como AJE ou Aempe, entre moitos outros, posto que suporía un “sablazo” que afectaría á supervivencia dos 68.075 traballadores autónomos do noso territorio.

Pero o Goberno de España non atendeu ás demandas dos autónomos e seguiu co seu plan para recadar 6.000 millóns de euros anuais máis ata que tivo que desistir nestes días tras comprobar que non tiña os apoios parlamentarios para sacar adiante esta medida no Congreso dos Deputados nunha mostra máis da súa soidade e illamento.

En todo caso, e lonxe de renderse, os representantes estatais do PSOE, e nomeadamente a ministra Elma Sáiz, vén de facer unha nova proposta consistente na conxelación das cotizacións sociais para os autónomos con ingresos inferiores aos 1.166,7 euros mensuais e subas de entre o 1% e o 2,5% para os que se sitúen nos demais tramos de rendas.

Novamente, desde o PP Provincial queremos expresar o noso rexeitamento a esta medida que, aínda que suavizada, só busca seguir exprimindo economicamente aos traballadores por conta propia no marco do “inferno



fiscal” no que os socialistas están sumindo a España e principalmente aos traballadores e os pequenos empresarios.

De feito, non entendemos como se lle poden subir as cotizacións sociais aos autónomos situados no tramo de ingresos inmediatamente superior aos 1.166,7 euros mensuais, xa que moitos deles cobran unha contía inferior ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

Por elo, agardamos que esta nova proposta, que tamén entendemos lesiva para os intereses dos autónomos, tampouco conte cos apoios suficientes dos demais grupos parlamentarios e o futuro das cotizacións sociais pase por unha mesa de diálogo cos representantes dos traballadores autónomos e tamén pola aceptación e posta en marcha do Plan Integral para os Autónomos proposto polo presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo, que contén numerosas medidas beneficiosas para a fiscalidade e as cotizacións deste fundamental sector económico e entre as que destacan a exención do Imposto do Valor Engadido (IVE) para aqueles que ingresen menos de 85.000 euros anuais ou a ausencia total de tributos no primeiro ano de actividade.

Desde o PP Provincial lamentamos que o Goberno de España, que cómpre lembrar que mantén, aínda que agochada por falta de apoios, a súa intención de subir as cotizacións dos autónomos en ata o 35%, faga que cada día sexa máis difícil traballar en condicións non precarias e de dignidade. E así, ao igual que a maioría dos españois, cremos que chegou o momento de aplicar baixadas de impostos despois das máis de cen subas fiscais aprobadas polo Goberno de Pedro Sánchez.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Solicitar ao Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones que paralice toda proposta de suba das cotizacións sociais dos traballadores autónomos para o ano 2026 e abra unha mesa de diálogo cos representantes deste sector económico.



2. Solicitar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións que poña en marcha as medidas recollidas no Plan Integral de Autónomos proposto polo Partido Popular.
3. Amosar o apoio da Deputación de Pontevedra aos máis de 68.000 traballadores por conta propia que hai na nosa provincia e ás asociacións que os representan e que defenden os seus intereses na súas acaídas demandas para conseguir unha fiscalidade xusta e un maior nivel de protección e prestacións por parte do Goberno de España.

13.8524.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA AO PROXECTO DA VARIANTE OESTE DE CALDAS DE REIS E ACCESO DO PORTO DE VILAGARCÍA Á AP-9 (EXPTE. 2025070439)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5z0OXTQ2Hj5obHCWTd88Mx1bugSE9lgEcWFuJtG85V9zZHmn>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ao proxecto da variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9 aceptando a emenda presentada polo Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) e na súa consecuencia substituír no primeiro punto da moción en donde di “Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a inmediata anulación ...” dicir “Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a inmediata modificación ...”

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible decidiu impulsar este verán o proxecto da “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550 tras moitos anos nos que tivo sumida esta actuación no esquecemento e o abandono.



Pero a reactivación desta infraestrutura, moi necesaria para a vila de Caldas de Reis e o seu desenvolvemento e para a comarca do Umia, estase a acometer a través dun estudo informativo con seis propostas de trazado que foron decididas unilateralmente polo ministerio e/ou pola empresa redactora sen falar cos veciños e cos concellos afectados. Precisamente, os veciños, xunto co PP de Caldas de Reis e de Portas, amosaron a súa oposición e rexeitamento a estes percorridos polo seu forte e negativo impacto sobre este territorio.

Así, tanto a proposta máis puntuada como os demais trazados recollidos neste estudo informativo fenden os territorios de Caldas de Reis e de Portas, con especial gravidade nos núcleos rurais que atravesan, e provocarían o derrubo de vivendas e importantes afeccións a empresas, estradas doutras administracións, fincas e zonas de cultivo, entre outras cuestións.

Durante estas últimas semanas, o Concello de Portas, gobernado polo Partido Popular, e o PP de Caldas de Reis, co apoio da agrupación provincial, puxéronse a carón dos veciños afectados na organización de mobilizacións, a redacción de alegacións e a adopción de acordos contrarios a este proxecto.

Pola contra, desde o noso partido estimamos que o PSOE, tanto desde o ministerio como das administracións galegas nas que ten competencias, está tratando de sacar adiante esta Variante Oeste de Caldas cunha actitude totalmente escurantista, motivo polo cal abriuse a fase de exposición pública para o mes de agosto con nula publicidade tanto dos responsables estatais como do propio Concello de Caldas de Reis. De feito, todos os cargos socialistas sosteñen que o trazado máis puntuado do estudo informativo ten as súas eivas, pero é o menos malo e con menos afeccións de todos os posibles, o que deixa ben ás claras a súa intención de levalo adiante malia os graves problemas que causaría nos municipios de Caldas de Reis e Portas.

E fronte a esta actitude dos socialistas, cómpre destacar o traballo realizado polo PP en Caldas e Portas apoiando a creación das plataformas veciñais de Santa María, Arcos, Saiar, Godos, Bemil e Portas, participando nas mobilizacións, asesorando aos veciños para a redacción de alegacións ou impulsando plenos extraordinarios para amosar o rexeitamento da zona a este proxecto.



Para o PP Provincial este traballo dos compañeiros da comarca do Umia contrasta coa actitude do PSOE neses concellos, xa que os socialistas prepararon unha alegación que era unha absoluta rendición ante o estudo informativo e manteñen unha equidistancia calculada para tentar quedar ben ante a veciñanza malia que a súa intención é a de construír esta infraestrutura aínda que é moi lesiva para o territorio destes concellos.

De feito, desde o Partido Popular non entendemos como o Ministerio de Transportes e o Goberno de España se limitaron a revogar a urxencia e ampliar o prazo de exposición pública ata o 5 de novembro –solicitado exclusivamente polo PP de Caldas–, para frear o enorme malestar dos veciños, en vez de atender ás peticións impulsadas polo noso partido e aprobadas por unanimidade nos respectivos plenos e que pasan pola anulación inmediata do actual estudo informativo e o encargo urxente dun novo proxecto que recolla trazados cunha menor afección e impacto sobre estes dous termos municipais.

Así, e como sosteñen os nosos compañeiros de Caldas de Reis e Portas, o PSOE, tanto como partido como desde as institucións implicadas nesta actuación, está facendo ver que apoia as demandas veciñais nun movemento de exclusivo cálculo electoral, pero en realidade está tratando de minimizar a presión e o descontento social –sen conseguilo ata a data– para executar este percorrido da Variante Oeste malia os graves problemas que causaría nos dous concellos.

Desde o PP Provincial cremos que unha iniciativa contra a que se presentaron 3.000 alegacións na súa primeira fase de exposición pública, e sen contar as que se poidan formular nesta segunda que o Goberno de España abriu simplemente para tratar de quedar ben, e que esperta un unánime rexeitamento dos veciños polo derrubo de vivendas, afeccións a empresas e negocios e moitos outros problemas nos territorios de Caldas e Portas, ten que ser anulada de inmediato e comezar de novo con outro estudo informativo no que se exclúa o acceso ao Porto de Vilagarcía.

O Partido Popular, que está a liderar as accións contra este proxecto e cuxo traballo de apoio aos veciños deu como froito a ampliación do prazo de presentación de reclamacións, xa presentou iniciativas de carácter político e administrativo no Congreso, o Senado e os Concellos de Caldas de Reis e Portas e quere seguir con esta labor, recabando o apoio de distintas



institucións para tratar de frear este proxecto no prazo máis breve e ofrecer distintas alternativas para o seu trazado canto antes co obxectivo de que a Variante Oeste de Caldas non se siga adiando no tempo, xa que hai tamén coincidencia plena en que é moi necesaria.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a inmediata modificación do actual estudo informativo do proxecto “Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9” polas graves afeccións de todos os trazados propostos no mesmo aos territorios de Caldas de Reis e Portas.

2.- Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que inicie con urxencia a redacción dun novo estudo informativo para a próxima construción da Variante Oeste de Caldas de Reis en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550, excluindo o acceso ao Porto de Vilagarcía, que conteña alternativas de trazado que sexan aceptadas pola veciñanza e que teñan unha menor afección e lesividade sobre os termos municipais de Caldas de Reis e Portas.”

14.8525.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A INMEDIATA LICITACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-2702 EN PAZOS DE BORBÉN (TRAMO 1) E A REDACCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO RESTO DA VÍA (EXPTE. 2025070441)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/3OI4qM6hFIAIF24kGPJHSCSunvPLxFyXypP0ZaDDus5S96wg>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra



do PP, e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a inmediata licitación e execución das obras de mellora da seguridade viaria na EP-2702 en Pazos de Borbén (tramo 1) e a redacción do proxecto de mellora do resto da vía.

15.8526.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A XUNTA DE GALICIA A APOIAR CON URXENCIA Á ASOCIACIÓN ACEESCA E GARANTIR O FINANCIAMENTO DA RESIDENCIA DE TORNEIROS, UN PROXECTO ESENCIAL PARA O FUTURO DE MÁIS DE 50 PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL (EXPTE. 2025069387)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/3yKRnFDuvSEOnrPQWi5Py9wvXkYVfTWuzIK211vHZPpRFvIj>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade, aprobar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia a apoiar con urxencia á Asociación ACEESCA e garantir o financiamento da Residencia de Torneiros, un proxecto esencial para o futuro de máis de 50 persoas co diversidade funcional.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Aceesca é unha asociación fundada no ano 1983 por pais e nais de persoas con discapacidade intelectual, sen ánimo de lucro, de utilidade pública e que presta apoio a un total de 111 persoas con discapacidade intelectual, así como as súas familias e o seu entorno, ante a inexistencia de recursos públicos e privados no seu ámbito de actuación.

Aceesca está ubicada en Torneiros (Porriño), pero o seu ámbito de actuación é provincial, atendendo a persoas usuarias procedentes de 14 concellos



(Porriño, Mos, Tui, Salceda, As Neves, Salvaterra, Mondariz, Ponteareas, Redondela, Covelo, A Cañiza, Mondariz Balneario, Ponteareas e Vigo), e conta coa seguinte infraestrutura:

Un centro de educación especial, que conta con un total de 36 nenos e nenas, de 3 a 21 anos.

Un servizo de atención temperá que presta servizo a mais de 200 nenas e nenos de 0 a 6 anos, de 8 concellos da provincia de Pontevedra.

Un centro ocupacional formado por 37 persoas maiores de 16 anos, que dispón de diferentes talleres ocupacionais e con un servizo de axuste persoal e social.

Un centro de día, da apoio a 38 persoas cuxo obxectivo é o desenrolo de obxectivos e metas individuais e conta con un plan de desenrolo individual para acadar unha mellora da calidade de vida.

Un centro especial de emprego, Lume S.L., para promover e facilitar a inserción laboral das persoas con discapacidade e que conta na actualidade con 50 persoas traballadoras con discapacidade.

No pleno ordinario do 28 de febreiro o Grupo Provincial Socialista presentou unha moción solicitando o apoio institucional para que a Asociación Aceesca poida rematar a residencia que está a construír no polígono de Torneiros (O Porriño). A moción foi aprobada por unanimidade polos tres grupos políticos da Deputación, recollendo literalmente na acta “estamos todos/as sensibilizados co tema e que van votar unha man para resolver a situación”.

Oito meses despois, o Grupo Provincial do Partido Popular a día de hoxe incumpriu o acordo plenario. Non se ten realizado ningunha xestión nin incluído esta prioridade nas sucesivas modificacións de crédito aprobadas dende entón.

Aceesca enfróntase a unha situación límite: o proxecto está executado nun 70% grazas a fondos europeos (2.000.000,00€), unha achega de fondos propios de mais de 900.000,00€ e a outras achegas sociais e empresariais, pero



sen o apoio das administracións públicas non poderá rematar a residencia. Se non se logra financiamento ou unha prórroga no prazo de xustificación, a Asociación tería que devolver máis de 600.000€, poñendo en risco non só o proxecto, senón tamén a propia continuidade da entidade.

Aceesca leva máis de tres anos traballando intensamente na busca de solucións. Urxe, agora máis que nunca, un compromiso real e inmediato por parte das administracións.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a estudar, coa máxima celeridade, vías de colaboración económica coa Asociación Aceesca, para garantir a finalización da residencia de persoas con diversidade intelectual en Torneiros (O Porriño), cuxo prazo remata o vindeiro 30 de outubro.
2. Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade a concesión dunha prórroga no prazo de xustificación dos fondos europeos, co obxectivo de seguir explorando vías de financiamento e evitar a perda dos recursos xa investidos”.

16.8527.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE E Á NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA (EXPTE. 2025069740)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/QuDt7IG3wDwONGQbUt2xM4VgWJcPy9xm6Q5aF6jSfUkRDn8K>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en contra do PP, e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, rexeitar a Moción do



Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista.

17.8528.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/OHU4sEE0B4XacALzqa1h9PwLyFsY2M0mxjRGur99ofp9iEpD>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

18.8529.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE SETEMBRO DE 2025 (EXPTES. 2025069396 – 2025066842)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wFLOrEccObwIQoL7HzYZ76vwLEm8i2MrVUYdwjNf4xpUcRlp>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de setembro de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 16 de outubro de 2025, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.



O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de setembro de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES SETEMBRO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Setembro	21,7800000000	5.965.914,24	10,0300000000	2.764.598,90	18,0592522554
Escola de Enfermería	Setembro	3,0000000000	2.077,97	0,0000000000	0,00	3,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Setembro	4,3200000000	124.656,66	0,0000000000	0,00	4,3200000000
Consorcio Deza Tabeirós	Setembro	1,1900000000	3.466,09	0,0000000000	0,00	1,1900000000
TOTAL			6.096.114,96		2.764.598,90	17,8558315890

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do



Consortio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consortio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consortio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consortio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

19.8530.- **DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE DE 2025 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2025069398 – 2025067118)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/H9p4VIazZPgHwJyNZOOOKi9hoL7ZF8EuvGzsg3RYTp4pqvtv>

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 3º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 17 de outubro de 2025, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu



respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais.

Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 3º trimestre de 2025, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025

1. Con referencia á data de conformidade da factura:

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	20	3.921	11.840.386,22 €	94	2.068.957,24 €
Escola de Enfermería	5	7	7.174,14 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	5	139	201.113,72 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	6	41	23.582,94 €	0	0,00 €

Facturas pendentes de pago:

Facturas Pendentes pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	11	562	2.719.680,12 €	16	44.918,78 €



Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	1	5.812,91 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios do Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre de 2025.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios do Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre de 2025.

20.8531.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL
NÚMERO 2025008318 DE DATA 15 DE OUTUBRO
DE 2025 RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PRAZO
PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO
PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE
IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO**



**SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA
ESPAÑOLA EN DESTINOS (SICTED) NA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTES.
2025069401 – 2025033864)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ExFCyyP5VQnZ6VHoyWKjjzJL6Gm6qGIItrR0tKOvz2PAc3iu>

A Presidencia a través da Resolución número 2025008318 de data 15 de outubro de 2025, tendo en conta que a finalización do prazo de presentación de ofertas para as empresas interesadas en optar á adxudicación do servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra (Expte. 2025033864), era o día 17 de outubro de 2025 ás 10:00 horas e que a Plataforma de Contratos do Sector Público anunciou unha parada do servizo o xoves día 16 outubro de 2025 entre as 07:00 e as 15:00 horas, considerou necesario facer unha ampliación do prazo, nun día, para a presentación de ofertas, co obxecto de non prexudicar aos licitadores interesados na participación desta licitación convocada pola Deputación de Pontevedra e cuxo órgano de contratación é o Pleno.

O contido literal da citada Resolución Presidencial é o seguinte:

“O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

Con data 10 de outubro 2025 o soporte da Plataforma de Contratos do Sector Público comunica que:

“Debido a las nuevas mejoras que se están implementado en la Plataforma de Contratación del Sector Público, está previsto que se produzca una parada del servicio el próximo jueves 16 de octubre entre las 07:00 y las 15:00 horas.

La duración de esta parada y el momento en que se realizará tiene un carácter totalmente excepcional debido a las características y a la complejidad de los trabajos que se van a acometer. Estos trabajos tienen como objetivo una actualización tecnológica y se engloban en la estrategia de modernización de la Plataforma. Pueden consultar más detalles en la noticia publicada con el título Actualización tecnológica de la Plataforma de Contratación del Sector Público.



Debido a esta situación excepcional, recomendamos a los usuarios de organismos públicos y operadores económicos que tengan en cuenta esta circunstancia en su planificación prevista”.

Tendo en conta que o fin do prazo de presentación de ofertas do servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra (2025033864), é o 17 de outubro ás 10:00; e que a parada do servizo da Plataforma de Contratos será o xoves 16 entre as 07:00 e as 15:00, considérase necesario facer unha ampliación de prazo de presentación de ofertas para non prexudicar aos licitadores interesados na participación da licitación.

Considerando que o artigo 32.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que cando unha incidencia técnica imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia como a ampliación concreta de prazos.

Sendo o órgano de contratación no presente expediente o Pleno da Corporación Provincial, razóns de urxencia obrigan a que dito acordo de ampliación de prazos sexa adoptado polo Presidente, por aplicación analóxica do disposto no artigo 34.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 105.1.h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

Á vista do exposto, RESOLVO

Primeiro. Ampliar nun (1) día o prazo de presentación de ofertas no expediente para a contratación do servizo para a implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra, tendo en conta a duración prevista da parada.

Segundo. Establécese como data de fin de prazo de presentación de ofertas o 20 de outubro de 2025, ás 10 horas”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2025008318 de data 15 de outubro de 2025 na que se resolve á ampliación do prazo para a presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra.



De conformidade co disposto artigo 32.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e con motivo da parada do servizo anunciada pola Plataforma de Contratos do Sector Público para o día 16 de outubro de 2025, o Pleno, como órgano de contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra, queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2025008318 de data 15 de outubro de 2025 relativa á ampliación do prazo de presentación de ofertas, establecendo como nova data de finalización o día 20 de outubro de 2025, ás 10 horas.

21.8532.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL
NÚMERO 2025007872, DE DATA 30 DE SETEMBRO
DE 2025, RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO
RÉXIME DE DEDICACIÓN DA DEPUTADA
PROVINCIAL DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA
E DA DATA DE EFECTOS DA NOVA DEDICACIÓN
PARCIAL DO 79% (EXPTES. 2025069405 – 2025003049)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/0qwzHas0yu3JhhdhI4ih77TmzbmD93Q66r5lNujQud9EZU2Fn>

A Presidencia a través da Resolución número 2025007872 de data 30 de setembro de 2025, resolve modificar o réxime de dedicación da deputada provincial, D^a. Belén Cachafeiro Anta e asignarlle o réxime de dedicación parcial do 79%, con efectos do día 1 de outubro de 2025.

O contido literal da citada Resolución Presidencial é o seguinte:

“O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

No Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado 12/09/2025 modifícase o réxime de dedicación dun cargo político, pasando de dedicación exclusiva a parcial do 79%. Dita dedicación a tiña asignada a deputada D^a. Belén Cachafeiro Anta.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no artigo 75 e 75 bis da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de



novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RESOLVO modificar o réxime de dedicación da deputada provincial D^a. Belén Cachafeiro Anta e asignarlle o réxime de dedicación parcial do 79%.

Esta asignación surtirá efectos o 1/10/2025, previa a aceptación expresa do cargo, debendo comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2025007872 de data 30 de setembro de 2025, na que se resolve modificar o réxime de dedicación da deputada provincial, D^a. Belén Cachafeiro Anta e asignarlle o réxime de dedicación parcial do 79%, con efectos do día 1 de outubro de 2025.

De conformidade co disposto nos artigos 75 e 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e no artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2025007872 de data 30 de setembro de 2025, na que se resolve modificar o réxime de dedicación da deputada provincial, D^a. Belén Cachafeiro Anta e asignarlle o réxime de dedicación parcial do 79%, con efectos do día 1 de outubro de 2025.

22.8533.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL
NÚMERO 2025008217, DE DATA 10 DE OUTUBRO
DE 2025, RELATIVA Á ASIGNACIÓN Á DEPUTADA
PROVINCIAL DONA PAULA BOUZÓS BARROS DO
RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA, ASÍ COMO
DA DATA DE ACEPTACIÓN DA MESMA (EXPTES.
2025069406 – 2024069258)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/B6rygS07i06U1uT1OCMppKCbLmVvDY1VRk1mPObHe5ZHnFI1>

A Presidencia a través da Resolución número 2025008217 de data 10 de outubro de 2025, resolve asignar á deputada provincial, Dona Paula Bouzós



Barros o réxime de dedicación exclusiva. Así mesmo na Resolución Presidencial figura que esta asignación terá efectos dende a aceptación expresa do cargo, debendo comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

Con data 15 de outubro de 2025 Dona Paula Bouzós Barros aceptou a dedicación exclusiva acordada polo Pleno da Deputación na sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2025.

O contido literal da citada Resolución Presidencial é o seguinte:

“O presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

No Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado 12/09/2025 dáse conta da renuncia presentada por Dona María Sandra Bastos Míguez ao cargo de deputada provincial, o cal tiña asignado o réxime de dedicación parcial do 85%, que foi modificado posteriormente por acordo plenario do 30/09/2025, pasando de parcial a exclusiva, sendo o importe total anual destas retribucións para o ano 2025 de 71.279,66€.

Tras quedar vacante o referido cargo, a Presidencia propón asignar á deputada provincial Dona Paula Bouzós Barros, con DNI nº **.99.44*-, o réxime de dedicación exclusiva con efectos dende a data de aceptación do cargo.

Por conseguinte, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos e a dilixencia de conformidade de Intervención, de acordo co establecido no artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e no artigo 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, RESOLVO asignar á deputada provincial Dona Paula Bouzós Barros o réxime de dedicación exclusiva.

Esta asignación terá efectos dende a aceptación expresa do cargo, debendo comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo laboral total para o ano 2025 ascende a 94.787,69€, dos que 71.279,66€ son en concepto de retribucións e 23.508,03€ en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias de altos cargos 25/900.9120.100.00 e 25/900.9120.160.01”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento do



contido da Resolución Presidencial número 2025008217 de data 10 de outubro de 2025 na que se resolve asignar á deputada provincial, Dona Paula Bouzós Barros o réxime de dedicación exclusiva, así como da aceptación o día 15 de outubro de 2025 desta dedicación exclusiva acordada polo Pleno da Deputación na sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2025.

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e no artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2025008217 de data 10 de outubro de 2025 na que se resolve asignar á deputada provincial, Dona Paula Bouzós Barros o réxime de dedicación exclusiva, así como da aceptación o día 15 de outubro de 2025 desta dedicación exclusiva acordada polo Pleno da Deputación na sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2025.

23.8534.- **DAR CONTA DA SUCESIÓN DO CONTRATISTA NO LOTE 1 (SERVIZOS CENTRAIS), LOTE 3 (MUSEO DE PONTEVEDRA), LOTE 4 (ORAL), E LOTE 5 (CENTRO PRÍNCIPE FELIPE) DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SEDES DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025070305 – 2024059026)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wglsJ1hre6fBM5pNxEtTpKFj1FY2MU2Ck8bg6yYToNzW5apH>

O Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio con data 23 de outubro de 2025 elabora unha proposta que conta co conforme do Deputado delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, en relación á toma de razón da sucesión do contratista no lote 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato para a prestación do Servizo de limpeza dos centros e sedes da Deputación, na que se recolle o seguinte:



O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025, adxudicou os lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato de “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra” á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935), polos prezos e valores ofertados, e un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais. Os contratos formalizáronse con data 29 de xullo de 2025, entrando en vigor o 1 de agosto de 2025.

Visto que, con data 13 de outubro de 2025 (Rexistro entrada WEB2025071380, de 14/10/2025), a empresa Limpiezas Cíes, S.L. comunica a este órgano de contratación a súa transmisión da rama de actividade “unidade de negocio de limpeza” coa empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371), resultando esta última como sucesora universal de todos os dereitos e obrigacións da anterior na rama de actividade afectada polo contrato. Asemade, con data 22 de outubro de 2025 (Rexistro entrada WEB2025073299) ISS Facility Services, S.A.U. presenta declaración responsable conforme ao modelo esixido nos pregos que rexeron a presente contratación.

Visto que o persoal técnico do Servizo de Contratación, con data 23 de outubro de 2025, comproba que a empresa ISS Facility Services, S.A.U. atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Mediante intermediación de datos, compróbase que a empresa está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e dada de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

Visto que existe garantía, constituída mediante aval, para responder dos contratos (cartas de pago número 12025000108678, de 09/06/2025, por importe de 63.296,40€, para o lote 1; número 12025000108676, de 09/06/2025, por importe de 16.250,90€, para o lote 3; e número 12025000108668, de 09/06/2025, por importe de 13.420,52 €, para o lote 4; e



número 12025000108664, de 09/06/2025, por importe de 63.641,42€, para o lote 5), e, mediante escrito de data 16 de outubro de 2025, a empresa Limpiezas Cíes, S.L. responsabilízase solidariamente da súa execución (Rexistro entrada WEB2025072166, de 17 de outubro de 2025).

Tendo en conta que o artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, permite a modificación da titularidade do contrato no caso de sucesión universal na empresa contratista, previa conformidade da Administración.

Conforme o mesmo, nos supostos de transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, responsabilícense solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario. Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu. Cando como consecuencia das operacións mercantís a que se refire o parágrafo primeiro atribuíseselle o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante da mesma, renovada ou substituída por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía.

Por todo o exposto proponlle ao Pleno:

1.- Tomar razón da sucesión da empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935) pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371) nos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra” (Exp. 2024059026), con



efectos desde 1 de novembro de 2025, ao abeiro da comunicación realizada a esta Administración da transmisión da rama de actividade.

En relación coa comunicación efectuada polas empresas Limpiezas Cíes, S.L. e ISS Facility Services, S.A.U. sobre a transmisión da rama de actividade, lémbrese que a validez, e, de ser o caso, a opoñibilidade fronte a terceiros, da operación societaria deberá axustarse á normativa aplicable. No caso de realizarse a elevación ao público e/ou a inscrición no Rexistro Mercantil, deberá darse traslado a esta Administración da documentación acreditativa correspondente, no prazo de 15 días naturais desde que se efectúe.

A presente mención non implica pronunciamento sobre a forma xurídica concretamente esixible, nin supón asunción de obriga de control ou responsabilidade ningunha por parte desta Administración respecto de eventuais incumprimentos da normativa, que serán responsabilidade exclusiva da empresa interesada, sen prexuízo das actuacións que, de ser o caso, procedan conforme a dereito.

2.- Trasladar á Intervención, aos efectos oportunos, a subrogación da empresa ISS Facility Services, S.A.U. na posición contractual da empresa orixinal, asumindo a nova entidade todos os dereitos e obrigas derivados dos referidos lotes do contrato “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra”, sen prexuízo de que Limpiezas Cíes, S.L. se responsabilizará solidariamente da súa execución.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025 tomou coñecemento da toma razón da sucesión da empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935) pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371) nos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra” (Exp. 2024059026), con efectos desde 1 de novembro de 2025.

De conformidade co disposto no artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Pleno queda enterado da toma razón da sucesión da empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935) pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371) nos lotes 1 (Servizos Centrais), lote



3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra”, con efectos desde 1 de novembro de 2025, ao abeiro da comunicación realizada a esta Deputación da transmisión da rama de actividade.

24.8535.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/YF3WSY6ICK9Ib2OXbRXVxBNK1YZgnwhLvZ3cy9RIVVqohp0>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de setembro de 2025.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de setembro de 2025.

25.8536.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/gWs76SKqAVGXYIM4IjBUcOBuQ1fAUZI0vhZdz7LI7AOHhehg7>

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Ten a palabra o deputado socialista Paco Ferreira.

Sr. Ferreira González.- Gracias Presidente, unha pregunta, queríamos saber si xa está rematado o proxecto da estrada EP-2108 de acceso a Donas, e cando pensan chamar ao alcalde dese concello para asinar o convenio dende esta Institución.

Sr. Presidente.- Son dúas preguntas.

Sr. Ferreira González.- Non, van xuntas.



Sr. Presidente.- Foron dúas preguntas, foron dúas. De momento, contar sei. Si, si, si, si, si, non, contar sei, contar sei. Dúas preguntas.

Sr. Ferreira González.- ¿Como dúas preguntas?. Pregunto, pregúntolle como vai o proxecto, e cando ten pensado chamar ao alcalde. No, no, no, no. No, cando, como, como, a ver, a ver.

Sr. Presidente.- Pero mire, quen instauraron isto da contabilidade das preguntas foron vostedes cando estaban aquí, é que, é que ...

Sr. Ferreira González.- A ver Presidente, si estou eu ...

Sr. Presidente.- Ten a palabra a deputada ...

Sra. Iglesias González.- Si, vaille moi ben en literatura española e galega ao Presidente. A nosa segunda pregunta é a seguinte. É que nos, que cal é ...

Sr. Presidente.- A terceira, pode vostede empezar a facer a terceira pregunta.

Sra. Iglesias González.- Estou facendo a pregunta, se non me interrompe escoita.

Sr. Presidente.- Pode facer a terceira pregunta.

Sra. Iglesias González.- Nada, pois nada, seguimos esperando, ¿xa?, ¿podo facela?. ¿Cal é a previsión da Deputación de Pontevedra respecto ó inicio das obras nas dependencias, no, nas dependencias do ORAL, así como as medidas que se van adoptar para garantir unhas condicións de traballo adecuadas mentres no se restituía a normalidade?.

Sr. Presidente.- Pregunta por parte do Bloque Nacionalista Galego, María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- En relación a EP-2602 Peinador-Louredo, fixen un rogo no Pleno de xullo e quería saber se se vai atender ou non, é ao respecto de realizar arranxos necesarios para evitar que entre auga nas propiedades debido á recollida, bueno, a mala recollida das pluviais.



Sr. Presidente.- Non habendo máis rogos nin preguntas, damos por finalizado este Pleno. Moitas grazas. Moi bos días a todos e a todas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as quince horas e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 31 de outubro de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 31-outubro-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - b6e2c8f0e6c446bf16044829e03626b4f24b0d8f34008a5a1a3c33456b60a6fd98ace2ffc78d2956e71c8ec9a6aea01f5605f904fb1c3d093d09f3acdf84532e xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=YTQxZmU3MTAtNDFiMi00ZjQwLWE1NzYtMTJjMDYxNzVhMGY0>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Arttime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.



00:10:19 - López Diéguez, Luis

00:10:23 : 1. Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinarias de 12 e 30 de setembro respectivamente.

00:10:47 : 2. Aprobación da terceira prórroga do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación (Exptes. 2025069386 - 2021053554).

00:11:02 : 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2025 (Exptes. 2025069388 - 2025068745).

00:11:11 - Cubela López, Jorge

00:12:29 - López Diéguez, Luis

00:12:34 - Mosquera Lorenzo, César

00:15:39 - López Diéguez, Luis

00:15:47 - Iglesias González, Ana Laura

00:18:43 - López Diéguez, Luis

00:18:48 - Cubela López, Jorge

00:22:02 - López Diéguez, Luis

00:22:06 - Mosquera Lorenzo, César

00:22:16 - Mosquera Lorenzo, César

00:25:22 - López Diéguez, Luis

00:25:28 - Iglesias González, Ana Laura

00:28:45 - López Diéguez, Luis

00:28:50 - Cubela López, Jorge

00:30:50 - López Diéguez, Luis

00:31:01 - López Diéguez, Luis

00:32:28 : 4. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento (Expte. 2025069389).

00:32:51 - Cubela López, Jorge

00:33:58 - López Diéguez, Luis

00:34:02 - Iglesias González, Ana Laura

00:35:30 - López Diéguez, Luis

00:37:11 : 5. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Renovación de Equipamentos no Campo de Fútbol do Concello de Crecente” presentado polo Concello de Crecente ao abeiro do Programa PON2030 (Expte. 2023030749-2025070502).

00:37:27 : 6. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Rehabilitación e Mellora Enerxética da Antiga Casa Consistorial de Portas” presentado polo Concello de Portas ao abeiro do Programa PON2030 (Expte. 2023030717-2025070504).

00:37:43 : 7. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Rexeneración Ambiental e Adecuación do Antigo Camping Pedra Rubia para Área



Recreativa Pública, Mougás” presentado polo Concello de Oia ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e a modificación do acordo do Pleno núm. 3.8370, de concesión de subvención (Expte. 20240777021-2025070506).

00:38:08 : 8. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Humanización e Mellora Peonil da Rúa das Dúas Igrexas en Forcarei” presentado polo Concello de Forcarei ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra (Expte. 2024076711-2025070507).

00:38:28 : 9. Aprobación inicial do proxecto construtivo “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración de urxente ocupación e motivación da urxencia (Expte. 2025045388).

00:38:58 - Cubela López, Jorge

00:41:17 - López Diéguez, Luis

00:41:24 - Agís Gómez, Gregorio Luís

00:42:06 - López Diéguez, Luis

00:42:11 - Cubela López, Jorge

00:45:20 - López Diéguez, Luis

00:45:26 - Agís Gómez, Gregorio Luís

00:47:45 - López Diéguez, Luis

00:47:49 - Cubela López, Jorge

00:50:05 - López Diéguez, Luis

00:50:41 : 10. Aprobación do I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra (Expte. 2025063426).

00:50:52 - Cubela López, Jorge

00:56:03 - López Diéguez, Luis

00:56:27 : 11. Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en órganos colexiados (Expte. 2025069426).

00:56:44 : 12. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ás propostas de modificación das cotizacións sociais dos traballadores autónomos por parte do Goberno de España para o ano 2026 (Expte. 2025069714).

00:56:55 - Cubela López, Jorge

01:01:36 - López Diéguez, Luis

01:01:40 - Mosquera Lorenzo, César

01:04:26 - López Diéguez, Luis

01:04:31 - Iglesias González, Ana Laura

01:09:41 - López Diéguez, Luis

01:09:45 - Cubela López, Jorge

01:11:52 - López Diéguez, Luis

01:12:35 - Iglesias González, Ana Laura



01:15:40 - Iglesias González, Ana Laura
01:15:43 - López Diéguez, Luis
01:15:51 - Cubela López, Jorge
01:18:03 - López Diéguez, Luis

01:18:26 : 13. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ao proxecto da variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9 (Expte. 2025070439).

01:18:44 - Cubela López, Jorge
01:23:56 - López Diéguez, Luis
01:24:01 - Mosquera Lorenzo, César
01:28:49 - López Diéguez, Luis
01:28:55 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:34:06 - López Diéguez, Luis
01:34:15 - Cubela López, Jorge
01:37:24 - López Diéguez, Luis
01:37:31 - Mosquera Lorenzo, César
01:40:47 - López Diéguez, Luis
01:40:54 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:44:15 - López Diéguez, Luis
01:44:20 - Cubela López, Jorge
01:45:20 - López Diéguez, Luis

01:45:41 : 14. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a inmediata licitación e execución das obras de mellora da seguridade viaria na EP-2702 en Pazos de Borbén (tramo 1) e a redacción do proxecto de mellora do resto da vía (Expte. 2025070441).

01:46:01 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:50:38 - López Diéguez, Luis
01:50:43 - Cubela López, Jorge
01:55:52 - López Diéguez, Luis
01:55:58 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:59:18 - López Diéguez, Luis
01:59:21 - Cubela López, Jorge
02:02:31 - López Diéguez, Luis
02:02:47 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:04:52 - López Diéguez, Luis

02:11:32 : 15. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia a apoiar con urxencia á Asociación ACEESCA e garantir o financiamento da Residencia de Torneiros, un proxecto esencial para o futuro de máis de 50 persoas con diversidade funcional (Expte. 2025069387).

02:12:01 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:17:06 - López Diéguez, Luis
02:17:13 - López Diéguez, Luis
02:17:18 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:19:55 - López Diéguez, Luis



02:20:00 - Cubela López, Jorge
02:22:11 - López Diéguez, Luis
02:22:17 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:25:04 - López Diéguez, Luis
02:25:07 - Cubela López, Jorge
02:28:38 - López Diéguez, Luis
02:28:41 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:31:07 - López Diéguez, Luis

02:31:52 : 16. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista (Expte. 2025069740).

02:32:14 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:37:20 - López Diéguez, Luis
02:37:38 - Iglesias González, Ana Laura
02:42:48 - López Diéguez, Luis
02:42:55 - Sánchez Méndez, Luisa
02:47:56 - López Diéguez, Luis
02:48:01 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:51:10 - López Diéguez, Luis
02:51:33 - Iglesias González, Ana Laura
02:54:50 - López Diéguez, Luis
02:55:02 - Sánchez Méndez, Luisa
02:58:18 - López Diéguez, Luis
02:58:26 - Rodríguez Pumar, María Manuela
03:00:37 - López Diéguez, Luis

03:01:08 : 17. Asuntos fóra da orde do día.

03:01:14 : 18. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2025 (Exptes. 2025069396 - 2025066842).

03:01:32 : 19. Dar conta do informe da Intervención sobre o cumprimento durante o 3º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (Exptes. 2025069398 - 2025067118).

03:01:50 : 20. Dar conta da Resolución Presidencial número 2025008318, de data 15 de outubro de 2025, relativa á ampliación do prazo para a presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de implantación e desenvolvemento do sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED) na provincia de Pontevedra (Exptes. 2025069401 - 2025033864).

03:02:08 : 21. Dar conta da Resolución Presidencial número 2025007872, de



data 30 de setembro de 2025, relativa á modificación do réxime de dedicación da deputada provincial Dona Belén Cachafeiro Anta e da data de efectos da nova dedicación parcial do 79% (Exptes. 2025069405 - 2025003049).

03:02:24 : 22. Dar conta da Resolución Presidencial número 2025008217, de data 10 de outubro de 2025, relativa á asignación á deputada provincial Dona Paula Bouzós Barros do réxime de dedicación exclusiva, así como da data de aceptación da mesma (Exptes. 2025069406 - 2024069258).

03:02:40 : 23. Dar conta da sucesión do contratista no lote 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL), e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato para a prestación do servizo de limpeza dos centros e sedes da Deputación (Exptes. 2025070305 - 2024059026).

03:03:00 : 24. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

03:03:03 : 25. Rogos e preguntas.

03:03:13 - Ferreira González, Paco

03:03:30 - López Diéguez, Luis

03:03:49 - Iglesias González, Ana Laura

03:04:13 - López Diéguez, Luis

03:04:25 - Iglesias González, Ana Laura

03:04:47 - López Diéguez, Luis

03:04:53 - Iglesias González, Ana Laura

03:05:11 - López Diéguez, Luis

03:05:16 - Rodríguez Pumar, María Manuela

03:05:38 - López Diéguez, Luis

-- O --

